



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
CONCELLO PLENO O DÍA 15 DE XANEIRO DO 2.009**

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> Dn. Francisco García Prego Dna M^a Victoria Montenegro Paz Dna Ana M^a Fernandez Coira Dn. José Salvador Ferreiro Montenegro. D. Manuel Rodríguez Doval. Dna Belén Abeal Pérez Dn. José Manuel Cendán Fernández. Dn. Francisco José Echevarría Lage. Dn. Fernando Otero Prieto. Dna Josefina Martínez Martínez Dna Mercedes Grande Regueiro D^a Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Sr. Secretario:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e once minutos, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto nº 1.- ORZAMENTO 2009

Intervén o Alcalde-Presidente: “Bos días, damos comezo á sesión extraordinaria do pleno de hoxe que ten como único punto da orde do día o Orzamento para este ano 2009. Todos os grupos o tiveron á súa disposición, e en consecuencia abrimos un turno de intervencións.

Ten a palabra o voveiro de NAL Sr. Luis Cendán: “Gracias e bos días a todos. Vou fundamentar a miña intervención na liña da comisión de facenda onde se presentou



o borrador do presuposto e facer un análise detallado dos aspectos máis importantes, e aso que fai referencia este borrador de orzamento para o 2009. En primeiro lugar decir que este proxecto de orzamento calificado polo Sr Secretario Interventor, no seu informe económico financeiro como orzamento da crise, ascende á cantidade de 5.193.061,70 € e supón con respecto ao do exercicio 2008 que era de 6.514.833,83 € unha diferenza á baixa de 1.321.772,13 € que en termos porcentuais é unha baixa dun 25%.

Se sigue a tónica do exercicio 2008 en canto ao aumento da consignación en capítulos para sufragar os gastos correntes e creación de novas partidas que dende o noso entender non son tan necesarias e sobre todo ofrecen dúbidas e me gustaría citar algunhas das máis chamativas. Páxina web 20.880 € para mantemento. Reparación dun barco 18.000 € Substitucións por baixas de persoal 44.000 € Aportación municipal ao taller de emprego que vou facer mención especial 173.704,95 € Asesoramento observatorio astronómico 3.000 € do cal este voceiro non ten coñecemento de qué se trata esto de instalación e utilaxe de observación astronómico 24.000 € Santa Catalina 21.000 € Maquinaria e instalación (esta abreviado) non sei a qué se refire SM-Trinch. 20.000 € Servizos docentes de cultura, cunha partida xenérica 60.000 €, subvención colexio e festa, que tampouco sei a qué se debe 12.000 € Contrato asistencia cultural 28.880 € Contrato xardinería 20880 € Parque xardíns 10.000 € Gastos dos colexios, e sumei todos os gastos e salú a colación a xestión que fixo o Alcalde para asunción dos custos do centro de Saúde, e segundo este borrador, o Concello de Ares en mantemento invierte 73.000 € Xantar na casa 15.000 € Festexos populares (me imaxino que será para a cea de maiores) 36.000 € este ano, unha cantidade bastante importante. Protección Civil 26.000 € Actividades culturais 90.000 € Gastos protocolarios 20.000 € Redacción de proxectos 100.000 € Puntos de alumeados 20.000 €

Alguns deles como xa dixen antes, non sei o significado nin o que se pretende facer: me imaxino que o Alcalde cando as puxo saberá para qué. Teño algunha dúbida de que algunha destas partidas parece ser que algunha delas xa se está executando, non o podo asegurar pero parece ser que algunha se está executando.



Ademáis se aumenta nun 11 % a dotación económica consignada no capítulo 1, para os gastos de persoal. Si a miña intervención do pasado orzamento 2008, decía que se dotaba para ese mesmo fin a cantidade a maiores con respecto ao exercicio anterior de 600.000 € a maiores, 100 millóns de ptas, neste proxecto para o 2009 se consigna a cantidade de 2.012.923 € que supón un 38,76 % do presuposto total, e no caso de non formalizar as operacións de préstamo que están previstas xa nos iríamos a unha cantidade do 45 % do orzamento total, no capítulo de gastos de persoal neste Concello.

Nunha situación de crise como na que estamos e seguro que seguiremos padecendo polo menos durante dous anos máis, según tódalas fontes solventes e que nos vai afectar a todos, e en especial quero facer fincapé a este Concello porque sabemos que unha das fontes de ingresos máis importantes e onde os ingresos son máis elevados é pola recaudación do ICIO; ademáis da crise da construción, e a xeral a maiores temos outro problema, que segundo se desprende dos datos da execución do exercicio anterior, a execución da partida de ingresos por este capítulo, practicamente é testimonial.

Polo tanto cunha sentenza onde se anula o PXOM a recaudación neste senso vai ser máis ben simbólica e o que digo non vai sorprenden a ninguén. Entendendo que dentro da partida de recadación do ICIO se pretende cobrar a licenza pola construción e mantemento da EDAR, pero sabemos que ó mellor isto trae dificultades engadidas, e o digo porque isto independentemente de que se gane esta sentenza e se vaia á xustiza, vai haber un problema de liquidez na tesoureria a corto prazo, co cal, esto nos obrigará a formalizar algún tipo de operación de crédito para ter liquidez e así afrontar os gastos máis urxentes que se van ocasionar nos vindeiros meses, no noso Concello.

E ademáis ven facendo referencia no seu informe económico financeiro o Sr. Secretario Interventor, sobre todo nos 4 ou 5 últimos exercicios, hai 3 ou 4 situacións graves que teñen unha sentenza firme 3, e unha está nunha situación de tramitación do expediente que é pola expropiación forzosa do paseo marítimo aos afectados.

E me vou referir primeiro á sentenza do TSXG do 27-09-06 onde se obriga a reintegrar ao Concello de Ares 41.778.199 ptas. A isto hai que engadirle os xuros de demora que está reclamando facenda. Eu sei que se están facendo recursos pero



sabemos que está ahí, e que seguramente polos datos que me chegan a mín do extracto do rexistro o pertinente recurso e esto se desprende do recurso que facenda ía o que se soe chamar, intervir os fondos da participación nos tributos do Estado e sabemos que esto vai traer consecuencias negativas.

Logo está o tema da reclamación do xustiprecio que aludín antes e logo temos outra sentenza firme do 31-07-02 relativa á licenza outorgada a PAFERSAN sobre anulación de licenza e demolición de edificio, e sei que se está traballando nas Normas Subsidiarias para darlle solución que ampare os intereses do Concello para legalizar esta edificación pero como se sabe unha sentenza firme por dar unha licenza ilegal no seu intre.

En canto á sentenza do TSXG, que desestima os recursos de apelación do Concello contra sentenza do Contencioso de Ferrol no que se anula unha licenza de obras concedida pola comisión de goberno do 22-08-1996, coa conseguinte demolición de obras e iso son os puntos que digo que fai referencia practicamente tódolos anos no borrador de presupostos, no informe económico-financieiro do sr Secretario Interventor.

En cuanto ao capítulo de inversións se recollen nas distintas partidas 842.249 € que supón o 16,2 % do orzamento e se este dato o comparamos ao do exercicio do 2008 (que a inversión foi de 2377910,76 €) e suponía o 36,5 % do orzamento o que está claro que a inversión para o 2009 se rebaixa nun 20 % con respecto ao 2008.

Con todos estes datos que acabo de relatar consideramos que este proxecto de orzamento para estes intres non é o máis idóneo para afrontar a crise de xeito óptimo e con certa garantía de futuro. Polo tanto de aprobarse este documento e de adecuarse o seu contido, como ben esto nos levaría a aumentar o gasto corrente, aumentar a débeda viva, e polo tanto aumentar a carga financeira a un 70% e sobre todo rebaixar a inversión.

Ante esta situación que sabemos que vai traer máis dificultades económicas estamos convencidos que o mellor nestes casos e circunstancias é a austeridade no gasto, e optimizar mellor os recursos propios, que este concello ten e aplicar políticas de rigor e moito máis axuste presupostario.



Decía que ía facer unha dedicación especial en canto á partida que ven e eu quitei en conclusión que era a que se outorgaba ao Taller de Emprego Insertares, o que me chama a atención lidos os informes, a memoria explicativa do Sr Alcalde e o informe económico-financieiro do sr Secretario Interventor, que non se faga referencia a este tema. Me chama poderosamente a atención.

Sobre todo como xa dixen cando constatamos que o documento que hoxe se trae a debate contempla as cantidades correspondentes a través das distintas partidas que completarán a aportación que le pertence ó Concello de Ares para executar dito proxecto ou memoria no seu caso, que non sei o que se tramitou, porque eu digo que a día de hoxe se me informou, o outro día se me deron copias das actas de parte do procedemento, que non do expediente completo, polo que teño moitas dúbidas e me imaxino que será un proxecto ou memoria que inclúe a redacción dunha serie de obras a executar.

Neste asunto como ben sabe vostede algúns voceiros non participamos nin fumos informados e pedimos unha comisión extraordinaria da xunta de voceiros que celebrou vostede xa que o expediente do procedemento o levou unilateralmente, vostede, a súa comisión de goberno, por certo socialista, que deso tamén vou falar de seguido. Nesta comisión extraordinaria se solicitaba, dada a falla de información, explicacións sobre o procedemento e posta en funcionamento do taller de emprego.

Nesa comisión que eu non puideron concluir o que solicitaba no escrito e me imaxino que outros voceiros tamén, era o expediente completo e sobre todo o informe xurídico do secretario-interventor que a día de hoxe non sei si o fixo, ou o mandou facer; como estas dúbidas e outras máis que ten este voceiro me gustaría facer as seguintes preguntas para aclarar aspectos incluso legal, que se pudieran derivar do procedemento administrativo...”

Intervén o Alcalde_Presidente: “Luís eu te pediría que te ciñeras ao asunto da orde do día que é o orzamento”

Toma a palabra o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que esto vai ao orzamento.



Intervén o Alcalde_Presidente: “Luís estas falando do taller de emprego e cando queiras te dou explicacións pero cínnete ao asunto da orde do día que é o orzamento. Levas media hora falando, simplemente te digo que o resto dos grupos tamén teñen que intervir e te pido que te ciñas ao presuposto, porque falar do proceso selectivo do taller de emprego é o acabouse. Te pido que te ciñas ao orzamento e te recordo que levas media hora falando.”

Toma a palabra o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Se cree que me excedín no uso da palabra e me retira a mesma, pero eu creo que este tema polas razóns que vou dar e as dúbidas que teño, ten que ver co presuposto e ten moito que ver. Non vou falar da selección, eso sería un pleno monográfico, e sería outro tema.

Como eu teño algunhas dúbidas nos aspectos legais que podían incurrir no procedemento e posta en funcionamento do taller de emprego, me gustaría facer catro preguntas directamente ao Alcalde se me pode contestar ben e si non por escrito. Como eu teño dúbidas a 1ª é si trala sinatura do convenio coa Xunta o Sr Secretario Interventor fixo algún informe xurídico ao respecto. 2ª Si se fixo algún reparo por parte do Secretario Interventor. 3ª Si se fixo a certificación preceptiva por parte do Sr Secretario Interventor de disponibilidad de crédito e partidas orzamentais e si existe crédito para a aportación económica necesaria que lle corresponde ao Concello pola posta en funcionamento e tras o convenio e compromiso asinado polo Alcalde coa Consellería e 4ª Si é verdade que no grupo de subfunción 322, promoción de emprego existe unha serie de partidas económicas que suman todas elas a cantidade de 173.704,95 €e que lle corresponden á aportación municipal para dito programa.

Entón vemos que ten que ver algo co orzamento e hai un compromiso e si é verdade esto que estou dicindo, que o saquei do estudo das partidas do orzamento se isto é certo, hai un compromiso por parte do Concello, podería ser que todo o que estemos facendo en canto á posta en funcioanmento desta escuela taller en caso de non aprobarse o orzamento ese proxecto non se podería realizar ao 100% e si falta a



aportación ese acordo é nulo de pleno dereito; por tanto Alcalde é de preocupar, claro que fai referencia ao orzamento.

Con todos os antecedentes que temos e mencionei e que son das mesmas características e sabe vostede a qué me refiro, que é á escola taller A Ponte, por estas razóns é polo que non quero incurrir nalgo desto, e que veña facenda ou unha consellería e estes fondos que son do Fondo Sosical Europeo, e que hai unha intervención nestes fondos e vexamos perigar estes fondos.

Como o noso grupo non quere ser cómplice destas actuacións vamos votar non ao proxecto de orzamentos para o 2009. Logo un dato que ó mellor na 2ª intervención me podo alargar e me queda no tinteiro, en canto ás bases de execución do orzamento, na número 20, o dato económico da partida subvención a grupos políticos, esa cantidade ven consignada si é certo que ven ben recollida no orzamento, nas bases de execución ven mal recollida, por tanto a miña 1ª intervención se vai haber máis ampliarei. Agradecer e se hai que pedir perdón por extenderme no uso da palabra pero o Alcalde sabe que o orzamento é o tema máis importante onde se reflexa todo dunha institución como o Concello de Ares e hai moito e me quedará moito seguramente tamén.”

Toma a palabra o Alcalde_Presidente: “Vou contestar a cada voceiro porque con intervencións de 35 minutos non é posible que recorde todo o que se dí, como se dí e quen o dixo.

Entón simplemente efectivamente sinalar que o voceiro de NAL especificou algunhas partidas, todas teñen explicación, sobretudo o lado das que destinaba para algunhas cousas a corporación da que formou parte Luís Cendán como voceiro de Facenda e Tenente de Alcalde durante 8 anos.

A partida da páxina web, queremos dar máis servizos a través da web e vamos desenrolar a administración dixital e o seu uso esixe un desenrolo que por certo hai unha empresa en Ares que a fai sen recurrir a ningunha empresa de fora e en consecuencia a administración dixital é para nós unha opción a ter en conta.

O barco, efectivamente Currás donou un barco ao Concello e queremos transformar en aula do mar, e o barco hai que arranxalo e se meten 18.000 € para



sustituicións, 40.000 € hai xente de baixa, outros teñen motivos para vacacións, días, etc... neste intre temos no taller tres baixas e hai que cubrilas. Evidentemente non pode quedar o pobo sen servizos porque hai tres traballadores de sete de baixa. O asesoramento do observatorio astronómico son 3000 € que vai cobrar a Universidade de Vigo, porque o Telescopio que vale 106 millóns de ptas, que nos ven gratis ten que ir nun sitio digno, hai que desbrozar na Bailadora, poñer seguridade, e poñer en valor a batería para poñelo, e con profesores de física van poñer a punto por 3000 € un telescopio en funcionamento, se o pudiera facer eu o aforrábamos pero como non sei, teñen que facelo os profesores de física da universidade e este telescopio de 106 millóns de ptas vai ser visitado por todos os alumnos dos centros de Ferrol e comarca, senón de máis alá. Apostamos por poñer en valor Santa Catalina e para uso da cidadanía en Santa Catalina e sabemos que na Bailadora se ven as estrelas moi ben e cun telescopio que aínda por riba nos sae gratis.

En Santa Catalina, ao carón dos 6000 € que destinaba o seu goberno parece moito, pero a mín, 21.000 € me sigue parecendo pouco, pero os nosos 21.000 € cos 173.000 € do taller de emprego (porque oito desto vai para Santa Catalina) máis o que van facer a Consellería de Cultura e o Ministerio de Cultura do Goberno de España lle vamos dar un cambio radical.

Esta aportación ridícula é un exemplo de corresponsabilidade, electricidade, desbroces, limpeza, e non chega. Había que ver cómo están os xardíns de bog dos escasísimos de Galicia vostedes os deixaron cheos de aguxeiros. Evidentemente eso xa conecta coas partidas de xardinería e parques, está claro que as cousas hai que pagalas. Festexos 36.000, son dúas ceas, unha de mulleres e outra de maiores.

En canto aos gastos de persoal, eu non fixen funcionaria a ninguén de momento, a plantilla que hai é a que deixaron, se é moita saberán porque vostedes uns meses antes de irse convocaron sete prazas de funcionarios, teño que pagar a plantilla que se me deixou, nesa plantilla non hai nin un funcionario feito por este goberno, nin un. A plantilla hai que pagala. Pide vostede un presuposto que ten que ser mesurado e logo critica que os gastos de inversión se reducen a un 16%.



Eu non collín os bos momentos da construción. Se non se recada do ICIO, nin tendo o PXOM vixente a situación do mercado non está para ter os ingresos dos que vostede disfrutou cando era concelleiro de Facenda. Pero ese 16% de presuposto de inversións ven compensado de sobras: inversións na Praza da Igrexa 500.000 €, no parque fluvial 500.000 € en Redes, 300.000 executados máis 1,5 millóns de Costas, infraestructuras pesqueiras 400.000, no Porto 400.000, Galescola 800.000, Centro de Día, 800.000, vehículos, de tódalas cores e gamas, casa do Patín mercada gratis total, Sociedade Cooperativa do Campo de Cervás, mercada gratis total, inversións en Santa Catalina, millonarias, Torre do Reloxo arranxada, este goberno sabe que ten capacidade para atopar e traer subvención gratis total para os cidadáns de Ares e sumaremos as inversións que este goberno executou este ano e o pasado e veremos o capítulo de inversións deste goberno co do seu cando gobernaba.

O taller de emprego se hai que traer 170.000 para traer 600.000 a min non me importa e temos 32 postos de traballo creados nunha situación de crise e vamos arrancar o paseo marítimo que se romperon cando no seu mandato pasou un camiión por riba e temos que arranxar nós, e temos un paseo dende o Bitácora ata a praia do cruceiro que da asco, pero hai que pagar o material de obra porque o taller paga os soldos.

Vamos arranxar a cantina, os baños e as cociñas de Santa Catalina; evidentemente é un gran negocio, pero o que non me gusta é o paseo marítimo roto e como caía unha señora vamos ter que afrontar a responsabilidade civil de millóns.

Creo que hai unha enfermidade que diagnostican os psiquiatras que se chama amnesia selectiva e que consiste en recordar e olvidar o que convén. Que se lle vote enriba a este goberno a débeda da escola taller que a puido facer en oito anos, e a deixaron ahí, e nós a vamos pagar, e en oito anos cos ingresos de ICIO se podía pagar e a deixaron ahí para vergonza dun goberno de esquerdas e eu non lle deixo marróns a ninguén e se hai que pagar se paga cos intereses que vostedes non pagaron, os intereses son responsabilidade do seu goberno, que xa son igual que o capital eses 41 millóns son 100. Así que pode haber un goberno que deixou 40 e outro que en oito anos deixou 100, e o Concelleiro de Facenda era vostede, e o de PAFERSAN tamén o pudieron arranxar e non o fixeron nin por interese dos veciños.



Nós vamos facer unha modificación puntual para arranxalo que vale cartos, e vostedes non quixeron facelo, tiñeron oito anos. Non mo vote en cara porque eu non estaba aquí e vostede sí. E logo vostede ten toda a información que pide, se lle trata ben co respecto que merecen os seus votantes, pide información do taller se lle da, proxectos... non me faga recordar cómo me trataba vostede a mín, cando eu estaba na oposición.”

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: “Grazas, bon día, quero comezar facendo algunhas reflexións sobre o debate que tivemos hai un ano, ou pouco máis coa discusión dos orzamentos do 2008. Daquela xa sacamos a relucir unha serie de consideracións do que nós entendíamos que era que debería ser o documento orzamentario, marcando unha filosofía, sabedores de que era o primeiro orzamento logo dun cambio de corporación e eso implicaba facerse cargo e estando lastrados dunha situación herdada e a día de hoxe xa é un orzamento novo, dunha corporación nova, cos deberes feitos con respecto ao pasado, e marcando unha idea de que hai unha visión distinta do que ten que ser a política municipal.

Nós entendemos que a corporación que saíu das eleccións do 2007 tiña un mandato claro que era gobernar doutro xeito, dar unha viraxe á política municipal, e polo tanto o orzamento non é un trámite administrativo, senón o reflexo da visión do que se quere facer e cómo se quere facer.

Os orzamentos definen ademáis no plano económico as prioridades do equipo de goberno e aquí quero facer a primeira chamada, porque falamos dunha corporación sen maioría e ao marxe de reflectir as prioridades xustificábeis do grupo de goberno, e nunha corporación sen maioría ten que aspirar, a recoller as prioridades do resto dos grupos.

Polo tanto imos expor a nosa filosofía ao respecto do documento que se nos presenta e sintetizar a nosa visión con propotas.

Falouse aquí de que estes orzamentos están marcados pola crise, bueno, no aspecto xenérico, pero no local e específico, é unha situación que como se soe decir, estaba cantada.



Si as compañeiras e compañeiros de corporación repasan a acta do Pleno de decembro do 2007, do orzamento 2008 e collen a miña intervención, verán que o BNG xa alertou sobre estas situacións, e a respecto dos fenómenos que van entrelazados e que ao noso xuízo, están condicionando o futuro no aspecto económico, xa non digo urbanístico do noso Concello: por unha banda xa sabíamos en decembro do 2007 que o sector da construción comezaba unha baixada cando non de caída total, e en segundo lugar para engadir a guinda, sabiamos que estaba a caer unha sentenza por parte do TS que todo o mundo daba que ía casar coa do TSXG de anulación do PXOM.

A pesar de todo isto, nos alertamos da caída e que o PXOM ía quedar anulado, e a pesar de todo decidíuse manter unha cantidade dende a nosa visión, irresponsable que era 1 millón de euros en licenzas de obras, cando levamos dende o mes de marzo do ano 2008, sen dar ningunha licenza de obra maior, igual me equivoco; eu creo que foi nuha postura de responsabilidade de que non se podía consignar a obras 1 millón de euros, nun orzamento de 6, nun capítulo condeado que nada tería que ver coa recadacion do seu momento.

En segundo lugar, tamén advertimos da necesidade de que se modificase a estrutura impositiva da anterior corporación, coa que discrepábamos, porque tiña eivas, estaba desactualizada e tiña inxustizas a correxir, sobre todo o recibo da recollida do lixo, que se lle cobra igual á xente da zona rural igual que á da urbana, sen ter o mesmo servizo.

Quedouse no compromiso de revisar os prezos públicos e as taxas e o 15 de decembro do ano pasado aprobamos unha modificación que implica a aplicación do IPC no conxunto dos impostos sen modificar a estrutura de ningún, que por certo o BNG ten presentada unha alegación, que non sei si se traspapelou, que introduce un interrogante, que podería despexar o Sr Secretario, que é cales son as taxas e prezos públicos en vigor, porque as que aprobou o pleno, non se discutíu a alegación do BNG. En terceiro lugar, na mesma liña de cautela, fixemos constar que se ía a unha apelación ao crédito excesiva.

O ano pasado se consignaba 1.100.000 € e este ano estabamos diante dunha cantidade que rebaixa, 450.000 € pero si leemos o informe da secretaría intervención,



se ve que os datos e o contraste entre o millón e os 450.000 € é unha rebaixa sustancial, tamén podemos falar da carga financeira e da debida viva, que sigue subindo, nun intre na que habería que levar unha política de racionalidade, que non nos pare, porque esto debe moverse, pero se aposte por unha economía productiva e maior investimento en contra dos gastos de mantemento ou gastos xerais.

Polo tanto para nós, sigue sendo excesivo os 450.000 € por máis que compartamos que en algún caso está xustificado, como o tema da compra de terreos para solucionar o problema do CPI Conde de Fenosa.

Referíame hai un intre á débeda do Concello, no informe da Secretaría se reflicte a situación claramente, cando fala da carga financeira, dou lectura: “A vista da débeda viva 2.542.341 € máis as operacións previstas de 450.000 € veñen a efectuar nuha nova chamada de atención sobre o contínuo incremento da débeda do Concello, pois aínda que estamos lexos de ter que pedir autorización á Xunta, hai que ter en conta que os ingresos do ICIO cesaron pola anulación do PXOM e a actual crise económica e poden provocar problemas de Tesourería polo tanto non é unha valoración do BNG, está constatado.

O capítulo de ingresos, e remato esta visión xenérica, non ofrece novidades, e dende o nosos punto de vista debería ser o reflexo dunha nova política dunha nova corporación. É dicir, coller o toro polos cornos e os orzamentos se debaten ó longo de todo o ano, con ideas, e pensamos que estamos ante uns orzamentos que non arriscan nos ingresos e decisións de fondo e similar filosofía á da anterior corporación, ademáis plantexas imposibles porque aínda que se pense cobrarlle a licenza á EDAR, estamos nun horizonte que non é hoxe e non se vai sustanciar no ano 2009, porque sabemos o tempo que levou cobrar finalmente a materialización da sentenza polo paseo de Ares, e en último lugar, vemos que o capítulo de ingresos agudiza a carga fiscal do conxunto da institución.

Capítulo de Gastos, fálase no informe de orzamentos de crise, austeridade, facendo mención a dúas situacións ás que xa me referín, unha máis global, que este Concello non está fora do mundo e padece esta situación, pero que temos unha situación moito máis grave que condiciona isto que é o tema do cesamento da actividade urbanística e



evidentemente, un factor que non vai variar porque o Estado nos aporte cartos, senón que temos que correxir nós os elementos.

A realidade do orzamento nos gastos, non é indicativa de austeridade e contención dos gastos, nin de ideas preocupadas que arrisquen. Resulta complicado saber cales son as prioridades do equipo de goberno e plantexalas para que sexan ás do conxunto da corporación, aínda que resulta claro, ver as prioridades que deberían figurar dende o noso punto de vista, e nin sequera se plantexan no documento, sendo cantidades ínfimas.

Nós, aínda que é un tema colateral, quero dicir que non quero obviar que este ano se vai producir un investimento importante, aínda que discrepemos cos criterios de reparto que fixo o goberno do Estado, que non benefician aos Concellos galegos e non teñen en conta a dispersión da poboación, por exemplo, non é un debate do BNG, é do Consello Federal da FEGAMP no sentido de que se contemple o tema da dispersión da poboación como factor equilibración desta situación, e non quero obviar que se vai producir un investimento de casi 1 millón de euros a través dese fondo estatal e que o BNG aportou unha proposta para urxir un debate do conxunto dos grupos da corporación, e aportamos tamén unha obra a incluír que era o abastecimento de auga á parroquia de Cervás, pero que dende o día 05/12/08 que metimos o escrito, e logo houbo unha reunión de voceiros ao respecto do que poderían ser as actuacións, pero acabouse, o ano, o debate e a día de hoxe, nos atopamos que o 20/01/2009 remata o prazo para propoñer as obras e non sabemos si xa se concretaron ou non.

Non sabemos si vai ser o Pleno quen en boa lóxica defina estas obras, que estamos falando do proxecto máis elevado que se fixo nunca nesta corporación. Si se fixeran investimento doutro tipo de entidades, é evidente que nunca se chegou a un nivel de investimento tan elevado como é a través do Fondo do Estado. É evidente, isto non vai nos orzamentos, e é importante para definir os orzamentos, porque como ben se sabe que non se poden meter obras previstas noutros investimentos do orzamento do Concello, é moi difícil saber para os grupos saber que obras se poden meter no orzamento se non sabemos as actuacións que se van meter no Fondo Estatal, e non sabemos se vamos poder meter as obras, nin si están previstas xa.



Entrando xa nas partidas específicas. O tema de vías públicas, non é que o BNG faga peticións concretas senón que hai unha Moción aprobada por unanimidade no mes de xuño do 2008, a respecto de que se iniciase un proceso no tempo, pouco a pouco, e marcando prioridades dun plan de choque para o conxunto do viario municipal. Naturalmente as vías rurais e as urbanas que algunha delas para ser as rúas reais do Concello están en situación lamentable. Aprobada a Moción, quedou un compromiso de facer un planning e sei que algún grupo consideraba e nós non estamos en contra, que se podían incluír no plan de investimentos estatal, pero coa incognita de saber si van ou non.

Hoxe temos para vías públicas nos orzamentos do 2.009 consignados 110.000 € fronte aos 95.400 e pico do pasado ano, que son cantidades irrisorias. Aumentamos algo, pero con 110.000 € non facemos nada.

Aquí se fixo xa unha mención ao respecto do tema das festas dos maiores, nós pensamos que está pendente un debate profundo non demagóxico sobre qué actos temos que manter e si en momentos de crise é xustificábel estas actuacións ou mellor dirixir os cartos a outras cousas.

É evidente que os números cantan e seguimos inxectando cartos para estas actuacións. Eu non quero entrar en si as comidas de agora saen máis baratas que as de antes. Non se trata de aforrar senón se hai cousas que se poden obviar por ser prescindibles.

Hai unha cantidade moi pequena para mentenimento de auga e alcantarillado, tendo problemas como temos, que levou a que logo dunha proposta nosa se aceptase que o Plan de Cooperación cos Concellos e o POS se adicaran a actuacións urxentes na rede de saneamento do noso Concello, e efectivamente coa partida que vemos aquí de 18.000 € vai ser difícil que o fagamos.

Non sei tamén se estas obras entrarían no plan do Estado e segue sendo unha incognita.

Contrato de Asesoramento Cultural, sen demagoxias, o Concello de Ares aplica racionalidade se se fala de que estamos en crise, nós discrepamos sempre coa creación desta praza, mellor da suscripción deste contrato, porque non é preciso. Este Concello



dispón non de todo o aparello de axuda de mulleres e homes administrativos/as ou monitores culturais non de todo o que queramos, pero sí de moitos profesionais que postos a traballar, rentabilizados e coordinados coa área política, pensamos que poden cumprir o traballo tanto en materia cultural como deportiva, estamos falando do mantemento do contrato de asistencia cultural, e non ten sentido este mantemento a non ser que esto esconda outro tipo de compromisos que non corresponden ás necesidades do conxunto de Ares, senón á visión non sei do grupo de goberno, ou simplemente da Alcaldía. Nós somos favorables a que esta consignación desapareza por máis que se diga que se baixou dos 36.000 do ano pasado aos 20.880 deste ano, non sei, eu teño apuntado o do ano pasado. Entendemos nós que ese non é o debate, e non é modificar o prescindible senón prescindir o prescindible.

No tocante a web municipal, entramos nun debate, non son experto en informática, falo como cidadán. A web do Concello de Ares é mellorable, e en todo caso a cantidade económica deste ano é demasiado elevada para un proceso de mantemento que se podería levar doutro xeito.

Por certo, se dí aquí que a gran conquista é que a web a leva unha persoa de Ares, ao mellor tamén a podía levar outra persoa de Ares, non sei se o podería facer outra persoa de Ares. Eu non teño nada, coñezo á persoa que leva a web e manteño unha excelente relación con él, por máis que lle cheguen recados de que eu estou en contra del, a política é así, pero pensamos aínda así que a web é mellorable, e fundamentalmente da concepción política, que fai propaganda do Alcalde.

Dende o punto de vista informativo, cando non hai propaganda do Alcalde, e se mirades a web dende finais do mes pasado ata hoxe, como desapareceu a propaganda desaparecen tamén as informacións dos medios de comunicación.

Mantemento de Santa Catalina. Quédome co que dixo o Alcalde, e me vale para xustificar o meu desacordo. A nosa aportación é ridícula, dí o Alcalde, e claro que é, cando parece ser que existe un acordo de cesión de uso por catro anos, e temos un Plan Director complexo no aspecto de levalo a cabo e na materialización económica, cando neste intre só temos unha institución que puxo os cartos enriba da mesa, vontades, non digo que non as haxa, a mín me consta que a Consellería de Cultura ten un compromiso



de investimento e de facer un Plan Director, pero claro non se pode dicir aquí que o Concello de Ares se fai cargo da cesión por catro e non sabemos cómo vai ser o acordo de xestión conxunta se competimos con 21.000 € Eso non vale, Alcalde, os 173 antes eran unha parte para as pedras do paseo marítimo, xa non son 173, e rogo que non me interrompan.

En calquera caso eso non responde a unha concreción dos compromisos reais, se inviste máis, hai máis atención, sí, nós non negamos iso. Tamén se manteñen situacións que nós denunciámos que son irregulares, como a xestión dunha cantina sen procedemento de adxudicación, como a instalación dunha banda de moteros que se instalaron ahí, xa coa anterior corporación. En certa maneira seguimos co morto que nos deixou a anterior corporación.

Actividades culturais e deportivas, somos favorables e tanto que a veces nos quedamos sos, aínda sen gobernar, defendendo que nestes intres de crise se teñen que manter os investimentos en actividades culturais e deportivas, que nestes intres ten que ser prioritario. Atención á xente nova, xoven é a maior.

Se ven avogamos por un maior control e porque no aspecto das subvencións non teñamos caixas, e non aprobemos un regulamento de subvencións cunha estrutura obxectiva do reparto e logo a Alcaldía de subvencións aparte, e que logo o Alcalde, poda facer as achegas que lle parece, mal andamos.

Preparación do barco e observatorio astronómico. Claro estamos en crise, este grupo de goberno, Sr Alcalde, xa llo dixemos e nós nos enteramos dalgunha cousa cando as vemos nos papeis e cando vemos unha consignación económica que nos día que hai unha cousa. Eu acabo de despacharme aquí co tema do observatorio e a miña pregunta é si vostede fai xestións coas universidades de Vigo, Santiago ou Cabo Cañaverál para poñer un observatorio, e vostede por qué non socializa isto co resto dos grupos, e nos da información desto. Eu non nego que vostede negocia a instalación dun observatorio en Montefaro, eu non nego que quede ben. Eu discuto, por qué me teño que enterar cando ven consignado no orzamento e vostede non ten os votos para a maioría, e terá que convencernos, socializar os temas e convencernos de que o



observatorio é unha prioridade e non o pode facer o día do debate dos orzamentos. Hai que facelo antes.

Co tema do barco, lle digo o mesmo. Eu agardo que Navantia Fene non nos done unha Plataforma, porque como teñamos que amañala, parece un mal chiste e creo que se está colocando o carro antes dos bois. É unha prioridade restaurar o barco para aula da natureza, non sei. Ao mellor hai outras prioridades. Non nos gusta a política de feitos consumados.

Xa vamos ter no Concello unha maior flota con barcos en terra que os mariñeiros de Ares con barcos na mar. Non somos partidarios dos barcos en dique seco. Moi bonito o Begoñita, moitas placas pero en fin. Non é baixo o noso punto de vista o que se ten que facer. Discrepancia por falla de debate e polo fondo de cáles son as prioridades do que hai que facer neste Concello.

E para ir rematando teño que facer mención á nosa sorpresa, negativa, e sorpresa XXL, claro o orzamento contempla investimentos que se entenden prioritarios e urxentes para o ano 2009, bueno antes fíxose mención a algunha das obras en marcha no noso Concello e a maioría delas derivadas de Consellerías da Xunta e que ademáis son obras necesarias para un Concello que está interesado en plantexar alternativas de carácter social.

Nós neste intre temos en marcha a Galescola, o Centro de Día, Centro de Auga (tradicionalmente piscina), curiosamente nos orzamentos do ano 2009 non figuran ningunha partida específica aberta para o que vai ser o necesario mantemento deste tipo de instalacións. Creo recordar que no caso da piscina aínda non definimos o mecanismo de xestión co concello de Mugar dos, por máis que o BNG leva dicindo dende agosto que se fora avanzando entre os dous Concellos, un sistema de cómo se vai xestionar. Creo que é bastante evidente que ese centro se vai rematar e haberá que mantelo no seu intre, entre os dous Concellos e aí vai ter que ir unha cantidade do noso Concello.

É moitísimo máis grave no Centro de Día e na Galescola, xa que o noso Concello se adhire ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e temos compromisos económicos, aínda que as obras no las faga Vicepresidencia. Eses edificios haberá que



abrilos e poñelos a funcionar. É curioso como que nin temos 0,5 € que abran unha partida para eso. O noso grupo cree que alguen se equivocou.

Como tampouco figura consignación para ver o que facemos con Redes. O noso grupo ten pendente discutir unha Moción que no último Pleno o Alcalde non quixo levar a debate ao respecto do mecanismo urbanístico para empezar a traballar, si é un PEPRI, se quedamos nun ARI ou outra cousa, non podemos quedar de brazos cruzados. Agardaba eu que con tanto Padre Casares, e tanta propaganda este fora o ano estrela na que víramos unha consignación presupostaria para ver cómo se vai enfocar Redes.

Eu sei que eses plans non van estar executados no 2009 nin no 2010, pero que se comeze. Non hai consignación, nin para o Plan de Usos do Mosteiro de Santa Catalina, non hai para un proxecto de recuperación de A Xunqueira, non me vou extender e temos a nosa opinión ao respecto desa obra.

Para nós o fundamental é a definición do que se quere facer coa Xunqueira, se non hai un plan que marque a filosofía de recuperación e marque os pasos a diseñar nese terreo, que na maioría dos casos corresponde a particulares, pouco poderemos definir, agás dunha obra, que eu non digo que non da para que un conselleiro veña a inaugurala, e xa falaremos deso. Falla consignación para saber cal é o plan de usos e de recuperación.

Finalmente unha consideración sobre o PXOM, o informe do sr Secretario fala deso, que están en marcha os traballos, creo que foi un lapsus do ordenador, estaban en marcha os traballos.

O PXOM de Ares está paralizado por vontade do grupo de Goberno. Non pola falla de subvención nin por falla do equipo redactor. Se mandou parar no mes de maio por un sufferfuxio para solventar temas máis prioritario para o Sr Alcalde, que está nas actas e que non van en paralelo. Se lle vendeu á cidadanía que estaba en marcha e non é así. Está parada dende o mes de maio a comisión de seguimento do PXOM. Porque non fomos capaces de poñernos de acordo nas propostas. Dende o BNG fixemos unha batería de 10 propostas aberta. Ese é o gran lastre deste Concello. Marca o conxunto dos orzamentos e o futuro de Ares. Non vai solucionar nada a resolución de pequenos



problemas a través de estudos de detalle. Nós o que temos que facer é un PXOM. Nese sentido estes son os orzamentos que distan moito de incorporar as cousas que decíamos e considerábamos prioritarios. Nesa liña a posición do BNG vai ser contraria, o noso voto negativo, e tamén creo que acabo de explicitar que o noso voto negativo é un voto positivo a outra visión de ver as cousas e facer política municipal.

Quero facer un par de reflexións a respecto das intervencións. Eu defendo a liberdade de expresión incluso para aqueles que ma quitaban cando gobernaban. Sobre todo no tema dos orzamentos non lle debíamos poñer paus as rodas e deixar que a xente se expresara con claridade e diga o que pensa. E unha segunda reflexión, sempre estamos no contraste das cousas de agora con cómo se facían antes, e eu lle quero dicir ao Alcalde que a xente non apostou no 2007 por un goberno que o fixera tan mal. A xente apostou por un goberno que o fixera ben. Nada máis.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “A súa intervención de corenta minutos é un exemplo de que aquí non se pon límite a ninguén. Simplemente fixen un matiz porque se estaba a falar do proceso de selección do Taller de Emprego, igual que eu lle debería facer un matiz cando falou do Plan Estatal.

Cada un fala o que quere pero corenta minutos na primeira intervención lle chega. Empezou a menos dez e son e vintecinco. Só hai que ver o regulamento que no seu día votou Luís a favor, o que agora non se lle aplica eu o votei en contra, vostede tamén.

Sobre cuestións puntuais na medida en que efectivamente lle poda dar contestación, o millón de euros en recadación de ICIO xa se explicou que era porque se pretendía cobrar á empresa que xestionará a EDAR. Aquí hai rentabilidade económica e esta empresa vai cobrar un canon. Non é Costas facendo o paseo marítimo.

Que por certo un goberno do que vostede formou parte lle cobrou unha licenza a Costas, e non entendo porqué me critica a mín por querer cobrarlle a unha empresa que vai cobrar un canon. O que van invertir o van recuperar.

Non entendo tanto empecinamento en non cobrar esa licenza a non ser que non se quera que este goberno teña cartos para facer cousas, e que este goberno teña todos



os paus na roda para que non xire, a non ser que se queira esto. Esa pode ser unha intención que dalgún xeito está claro que se pode compartir ou non. Aquí non se me chinha a mín, se chinha a mín, deixarmen a min sen orzamento é deixar ao pobo de Ares sen orzamento. Os orzamentos son da corporación son a guía de inversión e nese sentido se poden compartir ou non.

Os impostos. Hai que revisalos, se leva un ano e pico, cada un marca as súas prioridades e a veces hai limitacións de tempo e non se pode facer todo. Claro que hai que poñerse coas taxas. É un traballo de chinos e velas de unha en unha. Efectivamente está claro que é un aspecto que falla por realizar e hai que facelo.

Os 450.000 € efectivamente, a Alcaldía sen autorización do Pleno, ten dereito a endeudarse ata o 10% dos recursos ordinarios, que son 4,5 millóns. O 10% son 450.000 € esto vai no Pleno, e non preciso autorización do Pleno para facelo. Ademáis hai que mercar terreos para un colexio, e en Ares os terreos non os regalan nin son baratos. Vostede presenta unha Moción para un colexio novo e me critica que dispoña cartos para mercalo. O terreo é dun notario de O Carballiño e vostede sabe o precio, estes cartos son para mercar solo, para seguir facendo inversións.

Se baixou a cantidade que se prevé recadar no ICIO se baixou 600.000 € porque este ano coa situación malísima se recadaban 300.000 € bueno, pois aspirar a cobrar outros 300.000 € é algo moi mesurado, porque a licenza da EDAR pasa dun millón e vamos pretender cobrala, eu a unha empresa que vai facer cartos non lle teño que perdoar, e veñen a cobrarnos un canon. 600.000 € sabendo que podemos cobrar a licenza da EDAR e que o ano pasado cobramos 300.000 € non me parece esaxerado.

Claro que hai crise. Tivemos unha reunión polo Fondo Estatal, vostede pediu unha obra e se lle contestou que a ía facer medio ambiente, outros pediron outras obras e están incluída, a rúa Real, alumbrados,... cada un aportou o que quixo, e a vostede se lle respostou. O luns que o Conselleiro de Medio Ambiente que visista este pobo, e estades invitados, vai anunciar esa obra, para qué a vamos incluír no Fondo Estatal. O PP e NAL faláron de rúas e alumbrados e se incorporaron. Vostede falou do abastecemento de Cervás e se lle dixo que o ía facer Medio Ambiente. E unha condición do Fondo Estatal é que non vaian no orzamento, de ahí a pouca inversión do orzamento,



e aforramos cartos para os veciños de Ares. Se subía a cantidade de vías públicas este ano, e está claro que este Concello o está facendo con fondos doutras administracións. Non significa que non se fagan. Sei como están as rúas e sei as que en ano e pico foron a diante e actuamos nelas. En ano e medio qué dí, que non fixemos nada. Sí, e casi todas gratis total.

As ceas de maiores dimos un paso, cobrar algo, en época de crise que hai que facer unha reflexión, si efectivamente Quintana da exemplo cando él co seu planteamento das ceas de amiores pense o que vostede, pois efectivamente, en Ares se cobra, Quintana as fai gratis.

En canto ao alcantarillado o facemos con outras administracións. 18.000 €é para actuacións urxentes. Metimos todo o abastecemento de R/ Pimentel, Celso Emilio Ferreiro e na rúa da Paz o vai facer Deputación, Cervás e Simou Augas de Galicia, Chanteiro, Augas de Galicia. 18.000 € son para actuacións urxentes, o outro día reventou unha tubería diante no Banco Pastor e hai que arranxala. Evidentemente os abastecimentos e saneamentos todos os gobernos en Ares os puxeron con fondos externos. Non recordo que Ares pagara 30 millóns para esto. Sempre se presentaron proxectos a outras administracións.

Asesor Cultural, cada goberno pode ter asesores. Vostede mesmo o é da Deputación Provincial, nomeado polo sector do Goberno que vostede representa e non o é desta legislatura, e é doutras e non cobra seguro 18.000 € e por razóns de transparencia o traio, e se vostede quere o quito do presuposto e lle encargo os traballos igual, carteis, diseño de algo, supervisión de algo e se fai por contrato menor e o fai o Alcalde e por 12.000 € e algo máis a final de ano chegamos aos 18.000 o fago por transparencia, non teño nada que ocultar. É unha laboura de asesoramento e son 18.000 € e hai moita xente como Eduardo da imprenta pode gañar máis de 18.000 € e se lle encargan as cousas a pouquiños. Non teño nada que tapar.

A web. Non é mantemento, é desenrolo, xa o dixen. Queremos desenrolar a administración dixital e queremos dar os maiores servizos en liña que sexan posibles.



O de Santa Catalina 21.000 € máis a parte dos 173.000 da Escola Taller máis a parte que lle corresponda de parques e xardíns, claro que é moito máis do que calquera goberno puxo. O vou facer, vou ver o que vostede consignaba para Santa Catalina cando gobernaba, e dígame se non é máis do que había. Non é máis é moito máis. E o compromiso da Consellería de Cultura é o mesmo que o do Ministerio. O anunciaron os dous, eu creo na palabra dos dous, aínda non asinei convenios, pero efectivamente por Santa Catalina se está facendo non moito, moitísimo máis, só hai que ir. O hospitalillo limpo, se pode camiñar e pasear e subir ao primeiro piso. Os xardíns perfectos, a como poden estar, madeira de bog, a parte de atrás desbrozada e se vai seguir actuando sobre Santa Catalina, e si se pode decir quen a viu, a ve e a verá. Se sigue traballando de xeito importante.

As subvencións son as que son, non se dan de xeito directo. O problema son as regatas. Temos un problema. Non podemos subvencionar regatas por vía de subvención. Como valen moito non pode ser, debería ter unha partida a parte. Ao clube de remo se lle paga unha regata ao clube náutico e ao marítimo a regata de vela tradicional, e eso se quitou das subvencións, e si se refire a que se lles da por detrás, ao clube marítimo se lles daban por subvencións 300 €e o día da regata, carpa e demáis para o día e 4000 € Agora as regatas comezamos e seguiremos. Hai tres regatas en Ares que teñen subvención municipal e van a parte do que as asociacións reciben vía subvención. Isto axuda a que haxa transparencia.

O do observatorio astronómico, está claro que está nos primeiros pasos, e se materializa unha pequena aportación nos orzamentos porque hai que poñer esa zona en valor, está al lado de Santa Catalina, é un observatorio natural e de paso rehabilitar a batería da Bailadora, vamos, o sabe todo o mundo. Eso o sabe todo o mundo. Que vai ir alí un telescopio, home, aínda non o teño, de momento se pon unha pequena partida e si se consegue todo haberá cumprida información. Eu tampouco me poden poñer os listóns moi altos, o que non me salga a culpa é miña, eu informo do que sei que vai saír e mentres ando con cautela.

A aula do mar, que quere que lle diga, o Begoñita, se vostede non sabe o que é a tradición a antropoloxía, que quere que lle diga, isto forma parte dan nosa intrahistoria,



que facemos co Begoñita, o partimos en dous e o afundimos, coa entrada bonita que fai á vila e a Bonome hai que estarlle agradecidos e dar as grazas toda a vida por acordarse do Concello á hora de despedazar o seu barco. O de Currás, pois claro, hai xente moi interesada neste, investigadores moi interesados, que ven cómo por culpa de medidas administrativas, barcos pesqueiros, froito dun saber popular, non había enxeñeiros náutico-pesqueiros, isto se perde porque os barcos os están destrozando e non hai museos onde metelos. Ogallá todos os Concellos tiveran a mesma iniciativa e se pudieran facer catálogos dos que hai nos 300 concellos de Galicia e ver cómo a sabiduría popular resolveu problemas do seu ámbito. Non sabemos cómo era un Galeón do XVIII, porque non temos ningún. Hai que facer un catálogo de embarcacións porque os portos de Galicia se suman a esta iniciativa de coidar este patrimonio, aínda que sexa nas rotondas porque non hai museos específicos de meter os barcos.

Que non hai partidas para a Galescola e o Centro de Día, é certo, chamamos ao Consorcio, e nos dixeron que ata que non asinemos o convenio pois non se sabe. E si hai que facer cun instrumento como o da modificación de créditos, pois se fai, como outros trouxeron ao Pleno.

O da piscina non é certo. Hai unha partida de 24.000 € coa piscina si vamos falando co Concello de Mugarbos e vemos xa as expectativas.

Estamos facendo unha modificación puntual. Este goberno como dí vostede non ten maioría e a ten que conseguir e para facer a modificación puntual a ten: NAL e PP están de acordo. Se fai porque é moito máis corto que un PXOM. O PXOM se está facendo, hai unha empresa que traballa cunha subvención da Xunta, que deixou de haber unha comisión de seguimento, non sei as que fixo vostede no ano 1996 cando tramitaba o PXOM. Eu como Alcalde fago o imposible para que todos participen. Non teño experiencia en facer plans, si quere nos explica as comisións que fixo vostede.

A Xunqueira, da nada cero absoluto a algo, dúas fases, medio millón de euros, hai cinco fases, van dous de cinco. Na Xunqueira sí hai unha estratexia de posta en valor e disfrutala e o primeiro é poder entrar nela, ver quen, verte, se puxeron



observatorios, nada agresivos de madeira, eso é máis que cero. Dígame vostede se algún diñeiro dos que coñece invertiu máis de medio millón de euros na Xunqueira e faltan tres fases máis. Creo que efectivamente xa me referín a boa parte dos puntos sobre os que vostede entreviú e cedo á palabra ao voceiro do PP, pedíndolle disculpas porque o Pleno comezou ás once e é a unha menos cuarto.”

Intervén o voceiro do Partido Popular Sr. José Manuel Cendán Fernández: “Vou tentar ser breve, logo do xa dito polo resto de voceiros, e o Alcalde, están bastante ditas as cousas e algunhas as hai que reiterar. Creo que este ano por primeira vez nos vamos atopar cun orzamento que baixa con respecto ao ano anterior, e neste caso baixa 1.321.732 € esto pode ser por dous factores, sabemos o máis importante a merma das licenzas urbanísticas e a outra a crise que estamos padecendo. Segundo o informe económico financeiro o orzamento presenta un desequilibrio que en anos anteriores tamén se daba pero coa liquidación do orzamento esto se venía normalizando porque sempre daba positivo e tiñamos un capítulo moi importante no ICIO, e íamos pechando os anos en positivo e aínda que as expectativas aínda que foran á baixa sempre co ICIO se viña recadando e pechando en positivo.

E qué pasa neste ano, ¿por qué este orzamento ten que ser austero? porque o ICIO vai ser nulo, temos a licenza da EDAR, se tomou a decisión de cobrala segundo se falou aquí, e cando eu entrei eso do paseo marítimo estaba en cobro e seguí e coas demais obras de costas non cobramos xa nada. Eu entendín que o criterio tiña que ser o mesmo. Temos que ter claro que a empresa para pagar o ICIO vai para largo e como mínimo dous anos e pelexándoo no Xulgado, como fan todas. Por iso entendemos que o orzamento debe ser austero, e real. Que o traballo presentado carece dalgúns partidas que non aparecen nin se fala delas no informe económico-financieiro. Dous de elas teñen que ver co persoal, e dáus sentencias que hai, como a funcionarización do persoal que hai unha sentenza que dá a razón aos traballadores e en seis ou sete meses, vamos ter que afrontar e que me extraña que por parte do informe non se de conta, e a segunda sentenza é dándolle a razón a unha traballadora que se lle embargou o salario e hai que



devolverllo. Como se dixo anteriormente, por parte dos voceiros que me antecederon na palabra relataron partidas, e algúns estaban de acordo con determinadas partidas, nós entendemos que hai partidas infladas, e o fas desmenuzadamente e ao final incrementas. Este ano hai que mirar con lupa porque nos atopamos ante os vindeiros dous anos cun problema de recadación e crise xeralizada e eso debemos ser conscientes da situación que vamos ter nos vindeiros anos, e temos que voltar a obras, que a maioría son subvencionadas por outras administracións e os recursos municipais os debemos gastar en cousas imprescindibles e que fagan falla á cidadanía.

Se ten previsto unha operación de crédito de 450.000 € para a compra de terreos, nós xa dixemos que somos partidarios de mercar os terreos do colexio, que están valorados, e así o vimos cando eu comezei a modificación para recalificar, e expropiar a parcela e os técnicos fixeron unha valoración por 120.000 €. Eu sei que está previsto mercar terreos en Redes, Seselle, Estacas, Castelo de Ares, Baterías e creemos que nós somos partidarios da compra dos terreos porque queremos que as inversións que se fagan sexan realistas como o tema do colexio, que é unha inversión a facer de inmediato. Con respecto ao resto das inversións non estamos de acordo e explicamos por qué, porque falamos de parcelas, excepto á do colexio, que están afectadas por Costas ou espazo Natural e non teñen valor urbanístico e que poden esperar se non este ano para o vindeiro, ou en axuda dalgunha subvención, como aconteceu coa casa da Escola de Nenas, e estes terreos se non se poden comprar este ano, se comprarn o ano vindeiro. Ao non ter valor, ninguén vai edificar nin tirar os cartos.

Por conseguinte estamos ante o aumento da débeda viva do Concello dun 10% pasamos do 58,5% ao 68,5%. Creo que no ano 2005, fomos a un préstamo así porque nós prevíamos que se nos ía quitar a subvención do Concello para rematar o edificio e o fixemos por isto. Aquí se falou da aportación e eso é o que queremos ser realistas, e co tema das obras a parte das que o Alcalde dixo que veñen polos POS de Deputación ou Xuta, ... nos atopamos nun ano no que “Gracias á crise” vamos ser privilexiados e o dixo o voceiro do BNG, vamos a ter unha inversión dun millón de euros. E si se fan as obras axeitadamente, e temos aprobada unha moción con urxencia de tocarlle as vías



municipais urbanas e rurais, e alumeados, e cero que para nós xa inversión creemos que é suficiente.

Debemos ir a temas puntuais do Concello e non experimentar porque así o dí o informe económico-financieiro do Sr Secretario que nos advirte da situación real que vamos ter de endebedamento real e teremos que ir a operacións de tesourería e non vamos ter liquidez e creo que non debemos ser máis neste ano de crise e hai que ser egoístas e temos un ano de inversións importante e hai que evitar neste ano de crise endebedar ao Concello porque podemos ter outras inversións que facer e endebedarnos como pola compra do terreo do CPI que ó mellor con esta modificación non chega e porque estamos a medio prazo, e cómo as advertencias que se fan pola Secretaría que nos poden vir sentenzas que ter que pagar. Creo que a única que nos pode preocupar é a da Escola Taller, porque as outras creo que non vai pasar nada, PAFERSAN, creo que ninguén pedíu a execución da sentenza nin pola casa de Cervás e por ahí non nos preocupamos pero sí coa Escola Taller. Creo que esto sí que temos que telo previsto. Logo hai outro tema e debemos deixar de endebedarnos que pode ser que hai un proxecto de paseo marítimo de Ares a Seselle, e hai un proxecto e queremos loitar por él. Nos vindeiros días falaremos deste tema e xa se fixo público o tema de Redes e o tema de Seselle é fundamental tamén que poñamos a disposición de Costas, expropiacións, merca de terreos, etc, porque se non é este ano é o vindeiro. Hai que telo previsto xa no 2009 e temos que ir e pensar que esas obras que poden vir da administración do Estado hai que apostar e telo disposto. No resto non coincidimos coa compra dos outros terreos que poden agardar. Para nós, este presuposto ten lagunas técnicas e creo que co tema fundamental non vamos entrar xa en temas puntuais como entraron os demais voceiros porque nos vamos reiterar no dito, e sí teño que decir, que o tema da Oferta de Emprego Público, nun ano de crise temos servizos e se ten falado da RPT e mentres non se faga a RPT mellor non crear prazas porque ao mellor creamos prazas de administrativo, o vindeiro ano outra o tema da Policía Local e hai que mirar a coordinación xerencia de urbanismo, creo que nós cando tivemos traballo se fixo polos técnicos e agora que o traballo é nulo, nos atopamos ahí con tres persoas e eso nos tempos que estamos esas cantidades e cartos invertilos noutra parte, en funcionamento



ou que diga a RPT e darlle previsión a outros departamentos máis apurados. Neste intre sabemos que o traballo de urbanismo está parado e o poden levar os Aparelladores.

Creo que nós como dixen se non se reconsidera esto minuciosa e técnicamente, entendemos que non vamos apoiar este orzamento.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Moi brevemente, temos o tema das sentenzas, sempre se fala...”

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. José Manuel Cendán: “Perdón Alcalde, quero explicar que me quedou un asunto pendente, aludiste a un tema ao voceiro do NAL lle aludiste un tema e debo decir algo, o tema da funcionarización do persoal, nos eso o fixemos na OEP do 2006 pero este persoal era laboral e cobraba como laboral, por parte do Concello con esta funcionarización, porque así o mandaba a Lei do Estado, e se recomendaba dar estabilidade no traballo. Comezamos con esta xente e logo se iría ao resto do Taller, e non incrementamos a débeda porque xa estaban traballando.

E co tema da Escola Taller, nos atopamos co recurso que fixera o goberno anterior, e mentres non saía a sentenza non se podía facer nada e fun escrupuloso co tema xudicial, coa OEP, eu non metín a toda a xente, cando entrei tiven que facer cabo ao Policía Local, tiven que facer técnico á Tesoureira e eu seguí e sempre fun escrupuloso coas decisións dos gobernos anteriores, e así é. Non fun contra decisións e seguí con todo como se deixou. Recordo o tema das festas que estaba organizada polo BNG e non movín nin unha coma, para nada. Debemos ser respetuosos con isto e non se pode entrar en si fixen máis ou menos e falar do orzamento nun ano de dificultades como é o 2009. Nin falar da Escola Taller, nin quén fixo máis obras senón reparar o orzamento, e eu non o estudiei moi a fondo e lle dín un repaso xeral e vin deficiencias, e temas como a débeda que debemos reconsiderarlo e falar. O PXOM aínda que se recupere temos que ter un PXOM aprobado, senón o tema das Licenzas que é moi importante, non o vamos ter senón somos capaces de aprobar un PXOM. E ir a unha



operación de crédito que valga a pena e non endebedar máis porque os ingresos non dan. Debemos ser responsables todos.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “En cuanto ás cuestións que se plantexan, falas todo ao final da funcionarización, evidentemente non se incrementou, e agora hai que facelo. Ti non o fixeche e agora hai que facelo. Entón claro, neste sentido lóxicamente está claro que cando a sentenza sexa firme se é favorable haberá que facer unha modificación de crédito, se é desfavorable quedan como están, porque o proceso efectivamente foi irregular. Estou decindo que poden pasar as dúas cousas. É imposible cuantificalo no orzamento ata ese intre. Non só ti que creache as prazas non o fixeche, menos eu que as impugnei. Eu non podo cuantificar. Se a sentenza é favorable se irá a unha modificación de crédito.

Que hai que mercar solo, evidentemente, dentro da partida de merca de solos, vai contemplado o antigo camping de seselle, xa está contemplado. Cómo se fai o paseo a Seselle se non se merca solo, aparcamento de coches en Estacas se non se merca solo, nin un colexio novo, nin ampliar o porto, se non se compra o Castelo. Vai cuantificado. O que vote en contra os orzamentos vota en contra de todo. Logo non vale decir que esto sí e esto non. Cómo se executa esa situación o non é un no. Efectivamente non se pode decir que se faga o paseo a Seselle se non se pode mercar o camping vello. Nin se faga en Chanteiro sen terreos, nin en Redes. Nas partidas van especificado 450.000 e se dí para qué, campings Seselle, terreos en Estacas, castelo de Ares, está especificado. Se non se mercan terreos non se poden executar os proxectos. Que están en zona de demarcación vale, e non teñen valor urbanístico, pero a xente non os regala. 450.000 € para mercar todo eso, non é esaxerado. Son bastantes ferrados, a adquirir. Os terreos poden agradar, os veciños non. Ir a Estacas e non te ronde aparcar se podemos resolvemos mellor. Executar o paseo a Seselle, canto antes teñamos os terreos antes se fará.

Para executar o plan integral de Redes tivemos que mercar un terreo a maiores, porque a sede do marítimo non entraba no terreo que había, e se tivo que mercar outro. O tema do persoal se reduxo. Agora hai un persoal que non se pode reducir, temos moi



poucos policíaas e en verán se multiplica a necesidade do servizo e precisamos auxiliares. Non hai OEP neste orzamento, non consolida empregos, non conleva ningunha oferta nin para laboral nin para funcionarios, ao contrario, se reduce. En urbanismo antes había dous auxiliares agora un. Non se dan licenzas, pero vostede non sabe os quebradeiras de cabeza que dan algunhas obras, o tema de Coinasa, de Jofer, non saímos de telos tódolos días aquí. Efectivamente non damos licencias pero en materia de legalidade urbanística temos moito traballo, nunca houbo tanto neste eido. Se están facendo informes tódolos días, temos inspeccións da Axencia da que formamos parte e en urbanismo se segue traballando. Logo o da Escola Taller, hai que pagar 100 millóns de ptas. Había unha débeda de capital de 41 millóns agora son 100 bueno, efectivamente os intereses están ahí, e hai que facerlle fronte. Se está negociando con Facenda asinar un convenio que virá a pleno. Cando se chegue a un acordo de fraccionar os pagos virá a pleno e saírá o que teremos que abonar.

O vindeiro Alcalde que veña agardemos que non teña que pagar estes 100 millóns e o agradecerá. Que veñen tempos difíciles é evidente, que o orzamento se reduce, evidentemente. Se aposta pola inversión con fondos externos. Se cree na capacidade de negociación e xestión e o 2008 foi un ano de crise e creo que en Ares en materia de inversión pública non a houbo. A sumaremos a do ano pasado e deste foi moita. Quedarnos sen orzamento, bueno pois nun ano como este o grupo socialista vai votalos favorablemente en tódalas corporacións do cor que sexan, é mandato do partido e proba de responsabilidade e quen non queira facelo é libre. Eu pido unha posibilidade de que se podan aprobar e o voto favorable. Se non é posible, aló cada un coa súa responsabilidade. Estes son uns orzamentos que teñen que acomodarse á situación actual. Os que gobernaron saben que os orzamentos baixan feitos de tesourería e se lles dan indicacións políticas claras. Aquí están claras. Este goberno aposta por mercar terreos, por un barco, por un observatorio, un asesor de cultura, non ocultamos nada, o resto baixa de tesourería. Se iso son obstáculos para non votalos nun ano tan crucial, a min me quedará loitar por eles a través dunha Moción de Confianza, consumiremos o tempo para que veña outro Alcalde, se poñen vostedes de acordo coa Moción de Censura ou que este Alcalde pase a Cuestión de Confianza cos orzamentos



aprobados. Vostedes teñen un instrumento democrático a Moción de Censura e poden poñerse de acordo para desprazar a este Alcalde das funcións de goberno. Hai unha segunda intervención e en consecuencia teñen unha segunda intervención e de inmediato pasamos á votación.”

Ten a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “Eu máis que extenderme nos temas que me quedaron no tinteiro, quero comezar priorizando polas alusións directas do Alcalde, non sei si é por falla de argumentos políticos a rebatirme todo o que fixen aquí, pero creo que a miña intervención foi respetuosa co Alcalde, entendendo que foi unha proposta positiva.”

Sendo as trece horas e trece minutos faise un receso na Sesión.

Sendo as trece horas e vinteito minutos reanudase a sesión.

Ten a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “Novamente grazas Alcalde, non me vou extender porque me quedaron temas non abordados e que veñen no orzamento dada a hora que é e non me vou meter nestes temas e vou facer referencia á intervención e acusacións que me fixo a mín. me interrumpín no uso da palabra por non axustarme ao tema da orde do día e precisamente o que non se adaptou ao orzamento foi vostede porque nada máis que na súa totalidade o que fixo foi acusacións cara a miña persoa e unha comparativa da xestión, se vostede quere levar o debate a ese tema eu lle quero contestar a algunhas delas en concreto. É máis me parece mal porque dixó aquí que eu padecía unha enfermidade de amnesia selectiva e que o maltrataba. E pode ter amnesia vostede porque eu non tiven nunca con vostede nin con ninguén un enfrontamento e dicir que eu o maltrataba é mentira. Do tono das constestacións que van cargadas de demagogia e de mentiras que metíu vostede polo medio e lle vou contestar. Eu humildemente fixen un estudo pormenorizado do borrador do orzamento e ante a situación que estamos dixen que a política que debíamos levar, pode estar equivocado, pero é lexítimo, e logo das intervencións dos voceiros se corrobora que teño razón, e si eu preguntaba por partidas concretas é polo descoñecemento que



tiñamos delas, non pasaron por comisión e vostede que está en minoría e eses temas que pudiendo ir á comisión correspondente pero eu fixen relación desas partidas para que me quitara vostede as dúbidas que tiña eu ao respecto; algunhas as aclarou e outras non. Vostede preferiu falar de que eu fun o primeiro Tenente Alcalde, presidente da Comisión de Facenda, eso foi verdade, estiven 8 anos no goberno e estou moi orgulloso da xestión e lle vou dar exemplos. É para nota dicir a un goberno que chega cunha irregularidades, dunha xestión socialista dunha Escola Taller, que podemos volver a incurrir neste tema, e eu estaba na corporación e eu non denunciarei nunca, e creo que ningún membro da corporación a denuncia foi dunha institución pública. Nunca este concelleiro, que sabendo de irregularidades as preguntaba nos plenos porque había alugueres de maquinaria que no existía e logo veu o que viña. E isto achacarllo a outro goberno, que paguemos eso, pois postos a facer demagogia Alcalde, había que exercer a acción de regreso e que o grupo socialista de entón pague eses 100 millóns de ptas.

En canto á xestión de aspectos como Santa Catalina, dicir que como os recursos do Concello, cando eu estaba, e eran os que eran, nos levou a onde nos levou, e se pode valorar e dicir que presupostábase para Santa catalina 6000 €, efectivamente abríamos unha partida para executar un mantemento e lle digo hoxe con demagogia, o concello non ten que gastar un duro ahí, ahí se ten que implicar quen se ten que implicar e dicir dos xardíns que vostede aludíu, cando eu era presidente de facenda e voceiro se facían gratis total. Non se externalizaban os servizos, se facían cos recursos propios que esa é a política que lle aconsello eu. Este servizo non é como o caso do asesor de cultura e lle vou dicir. Ese señor cobrara polo asesoramento de cultura pero ademáis está ou estaba facturando por outros traballos de maquetación e de deseño, a maiores dos 36.000 € que vostede decía que tiña por transparencia no orzamento. Por todo elo quero dicirlle que unhas cousas sí e outras non, a cea dos maiores que saen máis baratas que antes; é unha mentira, no orzamento que eu aprobei ía unha partida de 18000 €, no ano 2007 é cando eu teño notificación da última cea dos maiores se facturou in situ no CPI e facturou escenarios cabrita, non sei o nome, por 22.000 €, resulta que vostede dí que xestiona mellor 22.000 € cun aforo de 800 persoas. Este ano



fixo unha e se factura polo valor segundo a factura que aprobaron na comisión de goberno por 32.000 € con menos capacidade polo concepto de catering, concretamente á empresa Ricosme S.L. catering pola cea de maiores por 32.000 € entón non xestiona nin mellor nin máis barato.

Ese é un explo máis de cómo se xestionaban os recursos no Concello de Ares, e aparte de todo isto e que podemos estar máis ou menos de acordo, vostede trae a locución o tema do regulamento, e as grabacións o poden decir, cando foi o tema da utilización do tempo, e eu non teño problema de que vostede me de os cinco minutos de turno e vostede o votou e está facendo un chamamento á responsabilidade á miña persoa e penso que a poucas cousas votei que non, e vostede estivo tres anos de voceiro da oposición uns tres anos e dígame vostede qué votou a favor, proxectos, plans de obras, etc, e o tempo non o gastaba porque estaba de acordo co que decía o voceiro do BNG e eso non o quito eu da manga e as actas están ahí para comparalas. E nunca lle limitei o tempo nas súas intervencións, e pudo haber algún momento e nunca se lle retirou a palabra nin se lle expulsou do salón, houbo ao mellor algún altercado con outra persoa non concerniente á miña persoa. O que me doleu polo persoal de que vostede deixa caer aquí que o tratei mal, eso non é verdade. Eu tiven problemas cando relatei conceptos e partidas que se abrían que podemos estar de acordo ou non en canto ao tema do barco, que non sabía en qué consistía eso, si era compra, aluguer, etc, e non sabía, e aquí quedou evidenciado que eso era como eu decía porque o resto de voceiros tamén tiñan dúbidas e é normal, vostede plantea, fai propostas, da directrices políticas e se plasman no orzamento e na situación política que se atopa e agora que nos anuncia o da Moción de Confianza cero que o consenso ten que presidir, o bo talante e o mellor non é vir a acusarme aquí e me responsabilizo aquí públicamente de todas as decisións que tomei, eu dou un debate público e o dou porque non teño problema.

Decir Alcalde, en cuanto á contratación como dixo vostede da funcionarización do persoal, decirlle que eso foi un acordo que plantexaron os representantes sociais a través do Concello e as centrais sindicais e nos plantexaron na medida de que había unha estabilidade no emprego e o mellor era ir como outros concellos, funcionarizando a todo o persoal do Concello. Se fixo así se chegou a un acordo, de varios



plantexamentos, se chegou con consenso a que primeiro fora o persoal que estaba dentro do Concello e logo os laborais. Eso se plasmou, e está nas actas das negociacións cos sindicatos e a única excepción que houbo foi o técnico de deportes que non entrou por un fallo por un engano, e independentemente de que me gusten máis e menos Alcalde, vostede dí que non metíu ningún funcionario, vostede non pero os seus antecesores sí, e cómo os meteron e como se sigue contratando a xente, que eu non quería aludir ahí. Cómo se sigue contratando e no informe económico financeiro do orzamento o sr Interventor dí cómo se debe facer a contratación nas administracións públicas e como vostede sabe que hai contratos e procedimentos que superan os quince días de duración e creo que vostede eso o pode corroborar ben que non se seguíu o procedemento e lle vou decir, me temo que si seguera o procedemento, dudo moito que por parte do secretario se repararan as nóminas. Dudo moito deses reparos á hora dalgunhas contratacións e cal é o procedemento a seguir neste tipo de contratacións. Non era o meu ánimo abundar por ahí, sí aclarar algúns aspectos que quedaron, o tema do paseo de Seselle, que vostede sabe que está tramitado e presentado e está pendente de que a administración do estado lle de o visto bueno, faltan o capítulo de expropiacións que poderían estar contempladas neste borrador, polo que pudiera ocorrer, e dicir pola comparación das obras, me dí vostede que pola compra de terreos e dun inmovible na parroquia de Cervas que fixo Presidencia, concretamente dicirlle que en política hai que vivir moitas cousas e cando houbo un cambio de cor na Xunta, a Xunta entrou a saco co Concello de Ares e aniquilou todos os proxectos asinados en convenios entre eles, o Concello onde hoxe estamos aquí.

Había un convenio de 92 millóns de ptas e por iso nós nos fumos a 500.000 € de préstamos para executar a obra, porque a Xunta de Touriño, anulou ese convenio. E a maiores do trato que deu e non coller o teléfono exceptuando as concellerías que afectan ao BNG, e tratou ao Concello de Ares como se fora do mesmo Bloque, e non así as que afectaban ao grupo socialista. Vostede sabe que se meteron querellas criminais, outras se retiraron, porque incluso había delitos.



No tema do Concello, había o compromiso da Xunta de solicitar no exercicio do 2006 creo recordar a subvención á xustiza e presidencia que nos ían dar para a O Concello de Ares, quedou en augas de borrar o Presidente, e o Conselleiro de Presidencia, o Sr Romeo incumplíu como Touriño e vostede me poñía o exemplo do terreo de Cervás ou da Casa do Patín, lle vou dicir que esa compra veu a Pleno, a trouxeron uns xestores en nome da Cooperativa de Cervás e querían especular coa compravenda e non sei si era legal, había que ver os estatutos da sociedade, e estou falando en público un dos que veu tiña relación connigo, e entendíamos que para o Concello non era necesaria esa compra, declinamos facela e un deles que ten bastante relación que foi compañeiro e amigo e se lle dixu que non. Viu a Moción ao pleno, se rexeitou e vostede me imaxino, que unha das primeiras cousas que fixo ao chegar á Alcaldía vostede compra un terreo para o meu punto de vista non era necesario para o Concello de Ares. O máis raro no procedemento é que a Consellería de Presidencia denegue e baixo unha resolución e orde de axudas a concellos e a vostede lle concedan por teléfono unha axuda de 92.000 € para mercar un inmovible e o comunicado llo fan por fax e se efectiviza a compra. Alcalde permítame que polo menos poña interrogante en canto ao procedemento concretamente desta compra. Polo menos dos datos que teño non había orde para mercar deste tipo e lle pregunto pola compra do inmovible que acaba de aludir vostede. E se lle digo o que lle dixen non é con mala intención que ademais é obligatorio, son voceiro dun grupo da oposición, dicir responsablemente os criterios que eu faría nesta situación, podemos coincidir ou non pero maioritariamente das voces que citei a maioría non tiña coñecimento e sae polos cerros de Úbeda e vai por onde non debe de ir. Digollo dende a reponsabilidade, eu non teño rubor que si o orzamento me parece ben e vai na liña do consenso que vostede fixo chegar a todo o mundo, reunión comisión de voceiros, consenso, e estes asuntos van a comisión, creo pensar que eu en ningún acordo que dixen unha cousa e adoptei un posicionamento cheguei ao Pleno e dixen o contrario. Esa falla de criterio... como vostede me dí que padecía amnesia xeneralizada. O criterio é o criterio e se vostede dí que vai facer isto polas razóns que sexan eu o aprobo e ven plasmado no orzamento como ten que vir en aras á transparencia, non teño ningún problema en votarlle o orzamento.



Enténdao dende un ton positivo, non quero polemizar e chegar a outros extremos que non levan a nada como o enfrontamento persoal, e se quere algún día dar un debate sobre a miña traxectoria política cando tiven responsabilidades ou sen elas, se da sen problemas e asumo a responsabilidade de que me puider equivocarme como calquera humano e o asumo na súa totalidade.

Por último decirlle que se non estou enterado de non darlle o trato respetuoso que se merece vostede pois perdóneme pero conscientemente lle digo que honradamente, non son consciente de que eu o tratara mal. Mire para que vexa que non quero usar a demagogia política que non leva a nada pois mire, mirando as actas e as resolucións de contraído de pago das poucas veces que no las fixeron chegar, das poucas que nos fixeron chegar, resulta que vostede como Alcalde foi substituído, non lle quero dicir a día de hoxe pero máis de dez veces e no tempo moitos días. Vostede sabe que está tipificada a asistencia á Alcaldía por sesenta e pico euros, e o único enfrontamento que tivemos na lexislatura pasada foi que vostede chegou a unha comisión de facenda desenfrenado e o único que lle importaba era que eu ía cobrar douscentas mil pesetas, sí, sí e tiña razón porque eu é máis e non se cerrara o mes e ese dato llo tivo que dar algúen da casa porque senón non podía saber que eu substituíña ao Alcalde 7 ou 8 días. Vostede me acusaba de cobrar ese mes douscentas e pico mil ptas na súa totalidade, vostede acertou, e eu a ía a percibir en concepto de asistencias como cobra vostede e eu, e vostede entrou de malas formas e hai funcionarios testigos, e eu non llo tiven en conta e ese foi o único desaire e foi da súa persoa á miña, por cobrar eu aquilo. Decirlle que agora se cobra moito máis os seus concelleiros e non lle quero dicir dietas sobretudo no primeiro ano, hai concelleiros do seu goberno que cobraron máis dietas nun ano que eu en oito, así que achacarme a demagogia, xa veu vostede cando puxo as dedicacións aos concelleiros e as subíu eu non usei a demagogia. Eu cobraba por asistencias e vostede tamén, igual que eu, vostede cobra do Concello de Ares por asistir á comisión de goberno, e indemnizacións a órganos colexiados do Concello. E non se pode dicir que só cobra da administración onde traballa e eu tamén traballo noutra administración e cobramos do Concello. Alcalde estes enfrontamentos non conducen a nada, vostede mo quitou, ten que perdoar, me extralimitei é o meu



carácter así e lle pido desculpas si o ofendín, pero vostede levou o debate a un sitio a onde non o tiña que levar.

Toma a palabra o Alcalde_Presidente: “Cada un é fillo das súas palabras e dos seus feitos. De momento os teus e os meus son públicos e están sometidos á sana crítica. Eu dixen que hai unha cousa que se chama amnesia selectiva e un se acorda do malo dos demais e non ve o que fixo no seu momento. Hai un refrán que fala da palla no ollo alleo. Evidentemente este pleno está grabado e todo o mundo sabe o que se dí e todo o mundo tivo o orzamento no seu poder, non podo decir por canto tempo, pero podo ser dous ou tres semanas, e eu lle preguntei a todos os voceiros, menos en un caso que tiveron peticións concretas do resto obtiveron silencio. Todo o mundo se reservaba para o pleno. E efectivamente na primeira ronda de intervencións sen escoitar ao grupo de goberno todos anunciaron o seu voto negativo, ninguén dixo se aceptades esta enmenda te voto a favor. Entre o tempo en que se tiñeron os orzamentos a disposición dos grupos, entre que este Alcalde se dirixiu a todos, que me podían ter dito qué había que cambiar para vir a Pleno, entre que agardei porque a todos lles preguntei e na primeira intervención todos anuncian o voto en contra. Se podía decir, hai esto e isto e en función do que contesto votar a favor ou non. Efectivamente eu qué podo aclarar, hai unha vontade de non aproba-los orzamentos e esa vontade pode ser froito de mil cuestións que eu non teño que valorar, cada un lóxicamente ten o seu criterio político máis que respectable. Non teño máis que decir. Simplemente que eu trasladei aos grupos o orzamento, se retrasou o pleno, estamos a 15 de xaneiro e sen propostas, e ao fío de que só un voceiro me fixo unha petición que non podo dar, o resto non me pediu nada. Por suposto na primeira ronda anuncian voto negativo sen escoitarme.

Hai unha vontade decidida e co máximo respecto non pasa nada, eu no seu día tamén votei en contra doutros orzamentos.

No tema da Seguridade Social, pois hai uns intereses e está ben sacalo en cara, e me dís a min que hai que pagar eso, e non é a miña responsabilidades, si se lle deben 100 millóns á seguridade social haberá que pagalo, non vamos pasar a pelota. Ao



vindeiro Alcalde eu non lle deixaría esto. E sendo concelleiro de facenda oito anos, non terás algo que ver en que non se pagara.

E logo, Santa Catalina, hai moitas competencias impropias e existirán sempre, e o fai o que está máis perto porque se non lle rompe na cara. O que paga o de Santa Catalina é o Alcalde que non o votan e o critican. O que está máis perto da cidadanía o Alcalde, toma medidas que non son competencias súas e non facéndoo que se pode facer, pois paliar na medida que sexa posible, porque senón eres ti o que non fai nada.

O de Santa Catalina é unha competencia impropia, ten dono, e se ten dono e non o fai, rogamos a cesión, porque o dono non o fai, por Defensa se pode caer. Como administración próxima damos pasos para correxir no posible a situación.

Os 32.000 € da cea dos maiores, foi a que vostedes deixaron sen pagar, foi a última cea da que vostede formou parte, eu lle podo ensinar a que organizamos nós por 2.000 €”

Ten a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “A mín non me responsabilice onde eu non tiven responsabilidade. Non te refreguei o da escola taller, non digas eso porque é mentira. Eu aludín a unha situación do Concello.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Eu paguei unha cea que non organizei.

Ten a palabra o voceiro de NAL: “A mín non me achaque iso. Me está achacando a mín e non era Concelleiro de Facenda. “

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Nese aspecto lle pido perdon e o corrixo. No regulamento, eu non o votei e non o aplico e non fai falla para pedir prudencia nas intervención e ceñirse á orde do día.

Cando dixen que non quero recordar cómo me tratabas tú, non falei de maltrato. Información que pedía por escrito, denegado sempre. Comisións, me quitaste de todas. Puliste a toda a oposición de todas as comisións e non queiras a cara que me quedou



cando fun a unha cea dos maiores e me tiñas reservado o sitio cos músicos. Non me compares o protocolo desta corporación no trato persoal aos voceiros en visitas, inauguracións, en deferencia de estar todos na foto, a cómo nos tratabas tú. Sí tú. Porque o de poñernos cos músicos fuches ti. Con todo o meu respecto aos músicos.as cousas son como son..”

Toma a palabra o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “Estás mentindo, e que se te quitou das mesa é mentira tamén. Tiña dereito por Lei. Se quitou ao voceiro do BNG porque non lle correspondía, a vostede non. “

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Tiven dous.”

Toma a palabra o voceiro do NAL: “O que vostede dí é falso i é mentira. Non lle puxen ningún sitio”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Eu cando entro na secretaría e te vexo sentado dou media volta e marchoo e pido perdón, e ti e o teu grupo me obrigaban a despachar co secretario os martes ás oito da mañá. Ese era o trato que ti dabas. Eu entro e pido perdón.

Toma a palabra o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernandez: “ Fun eu xa está. Te interesa ir ao persoal. Se te puxeron dos días para atender ao secretario. Á hora que se decidíu. Se puxo. Non fagas demagogia, me estás votando culpas que non son miñas. Perdoa Alcalde que te interrumpa e me gustaría que contestaran a catro preguntas que fixen na miña intervención.”.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “A qué preguntas te refires, non podo contestarte como queira...”



Toma a palabra o voceiro do NAL: “Eu fixen catro preguntas de si había informado ou feito reparo o Sr Secretario, da posta en funcionamento do taller de emprego.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Para a posta en funcionamento do taller de emprego non hai ningún problema e si o hai o arranxo. Pode habelo se non se aproba o orzamento, terei un problema e xa veremos cómo o solvento. Se os teño que votar á rúa os votarei, eu non podo sacar conexos dunha chisteira. Se non teño aportación municipal xa verei cómo sallo do paso. De momento non me consta ningún reparo, nin informes, nin nada. Eu asinei o convenio e está perfecto. Se non aprobamos o orzamento xa veremos e me teño que quedar sen taller me quedo sen él e os voto á rúa. Eu teño unha sorte que fago aquilo que non me gusta, se o teño que facer o fago. Sei discernir o persoal do político e se teño que faer cousas que non me gustan as fago. E pagarei a responsabilidade.

O paseo de Seselle se encarga e novo, é un proxecto que encargou a Proyfe este grupo de Goberno, porque o que había non o informou favorablemente Costas. Viñeron os de Costas e nos dixeron o que había que mercar de terreos. O paseo vai por abaixo, vai por pontones de madeira, e nalgunhas zonas hai que mercar solo, onde se pode, pero facelo por arriba, polos castros é unha loucura, non hai quen pague eso, é unha locura. Onde remata o de agora, segue a madeira e onde poda por terra se mete, porque xa está moi edificado os castros,. E cruzar casas é un proxecto inviable, e suizos e non é viable.

Toma a palabra o voceiro do NAL: “O proxecto o encargou Costas e o costeou, a un rapaz que vive en Seselle, e o aprobaron eles. O Concello de Ares non costeou nada. “

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Llo encargou á universidade. Hai que encargar outro, sirve de base ese traballo non se tira pero o proxecto de que falamos é



novo, ese foi un paso, pero había zonas moi difíciles polo grado de casas que había nos castros.

Cando se mercou a sociedade do campo de Cervás, non participei en ningunha expropiación, o Notario non reparou, eu merquei notarialmente, e non como o terreo da piscina que se lle mercou a Rafa o da ferradura e a día de hoxe aínda non se puido inscribir. Lle recordo cómo compraban vostedes, e me acusan de especular coa compra do local de Cervás, pois se vostedes non compraban e o problema da amnesia selectiva é que vostede quere dar leccións cando ten moitas asignaturas suspensas e non pode dalas porque as ten suspensas. E dende o punto de vista político.

Logo o dos soldos, evidentemente cando digo que non teño adicación exclusiva digo eso e punto. Eu asinei dedicación e as asistencias son as que había e eso é público e notorio, e consta.

Non sei qué nos reprocha. Eu o único que lle digo é que eu non teño dedicación exclusiva e nada máis. A situación é a que é sen nengun tipo de intervención ao respecto.

Intervén o Voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “Alcalde, me fastidia que me deixe así, está mentindo.

O regulamento o aprovache ti e son dúas interevencións por grupo. Estás usando a demagogia. Me estás votando culpas a mín e eu non fun o Alcalde. Non tiven que ver coa compra do terreo da piscina. Na compra do terreo non consta a miña sinatura, nin fun ao Notario, e me enterei igual máis tarde que vostede do problema que había. E estaba tan preocupado que eu a vostede e está nas actas, lle fixen varias preguntas sobre a compra da piscina. Para que vexa que non tiven nada que ver con ese problema e estaba en contra das formas. Vostede sabe moito máis dese tema.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Vale, entón todo o que pasou foi Manuel.”

Intervén o Voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “En canto ao tema das retribucións, vostede dixo que non cobraba do Concello de Ares e son dous cousas



diferentes, ter adicación exclusiva e cobrar. Vostede percibe unha remuneración como as cobro eu.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Eu cobro indemnizacións non remuneracións. “

Intervén o Voceiro do NAL: “Pois indemnizacións Alcalde, por asistencia a órganos colexiados.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “E deixo de gañar cartos dando masters cursos e escribindo artigos noutros lados. Sigo tendo o meu traballo. Non digas remuneracións, dí indemnizacións. Eu non estou aquí para enriquecerme.”

Intervén o Voceiro do NAL: “Ademáis está decindo unha inexactitude co tema das adicacións exclusivas, porque as pon o Pleno da Corporación, e vostede só propón, non as asina vostede. As damos todos. E perdón por interrompir “

Ten a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: “Creo que nese intento de adecuarnos ao debate que estamos dando e tamén de establecer racionalidade somos todos responsables e uns máis que outros e o presidente da corporación é o Alcalde. O que sí parece é que o da amnesia debe ser contaxioso, porque eu fixen unha anterior intervención que aínda a teño aquí e sei o que dixen na miña intervención cando describín as discrepancias que tiña o BNG e lancei unha idea de estar disposto a discutir as discrepancias. Perdón Alcalde, non, porque entramos nun debate que non estou disposto, vou dicir o que teño que dicir e parece que todos temos amnesia selectiva. E vai quedar reflectido e sei o que lle dixen, como sei o que lle dixen a vostede o 29 de decembro cando saímos da comisión de facenda e o sigo mantendo e vai quedar explicitado aquí. Na miña primeira intervención vostede non se enterou, como non se entera doutras cousas e creo que é moi inxusto nas cousas que dí vostede aquí, nuns casos porque seguramente non o sabe, malo, e noutros porque sabendo, os deforma para defenderse. Mire vostede, cómo me pode dicir vostede aquí, canto lle adicaba a



Santa Catalina de Montefaro, cando estaba eu no goberno, nada, sí canto diñeiro nada, sabe por qué, porque era do Ministerio de Defensa. Perdoe un intre, me deixa acabar de falar. O Concello non lle podía adicar nada porque aquilo estaba moito mellor coidado do que estivo logo estaba coidado e máis do Ministerio de Defensa e a nosa preocupación de grupo político levou a que se iniciase o expediente no ano 1985 por unanimidade por parte de todos os grupos a instancia dunha Moción do BNG, se non o sabe, llo recordo, para declaración de BIC, e segundo se vostede ten tanta preocupación de asumir responsabilidades que non son nosas, lle pode transmitir aos seus representantes no Parlamento Español que cando o BNG volte a propoñer que se cambie a Lei de Infraestructuras de Defensa para que nestes casos o Ministerio non nos venda, senón que poña nas nosas mans sen cesións e iso dependa da modificación deste Lei e tramita vostede que cando o noso voceiro Francisco Jonquera volte a solicitar esta modificación como a propuso Francisco Rodríguez, non teñamos en contra o voto do seu grupo. Decirme a min, canto puxen eu, é inxusto, o puxen todo e máis, eso é profundamente inxusto porque vostede chega aquí como un paracaidista como si o mundo non existira antes de que chegara aquí. E de moitas cousas tiña que ser consciente e redundante no mesmo cando me dí canto tempo perdín e unas comisións do Plan Xeral. Claro que as había. O PXOM que promoveu o grupo político no cal o Alcalde era do seu grupo PSOE, o Concelleiro de Urbanismo era do PSOE e o BNG formaba parte do grupo de goberno, eu perdín moito tempo moitos amigos e case a cara, e vostede tiña que sabelo, dí aquí moitas cousas inxustas e cos compañeiros do seu grupo que puxeron a cara connigo. Porque tiñamos un acordo do goberno, non era o PXOM do BNG. Vostede é fondamente inxusto.

Fondo de investimentos do Estado, eu teño aquí unha moción supoño que lle dan a vostede as mocións que se presentan e poñen ao Pleno, teño unha de data 05/12/08 que lle pide a vostede que se convoque un Pleno extraordinario para o debate e aprobación das obras a incluír por parte do Concello de Ares no Fondo Estatal de Investimento Local, destinado a financiar investimentos en obras e proxectos municipais de execución inmediata. Moción ao Pleno. Segundo que se inclúa nesta proposta o abastecimento de auga aos núcleos de Cervás. E vostede no día 29 na



reunión que falamos do Taller de emprego, nos solicitou que expuxéramos alí, non, Alcalde que teño aquí o papel, mire; Xunta de Voceiros 17/12/08 punto 1.- Obradoiro de emprego, punto 2.- Obras a incluír, e nesa reunión non preguntou e lle comunicamos a nosa idea e vostede me espeta que ten o compromiso de que por parte da Consellería de medio Ambiente se vai executar o proxecto de abastecimento de augas. Eu ao día seguinte llo pido o proxecto e vostede me denega esa documentación. Entón claro, sí sí, non non. Vostede me pide, eso non ten explicación, pode dar a súa opinión pero explicar non. Eu sei o que é explicar unha cousa, sobre datos racionais. Porque si eu lle digo eu propoño esta obra e si se fai a través doutra administración, deixame ver o proxecto. Algún voceiro xa o víra, claro o BNG non pode velo.

Entón vostede se preocupa de mandarme un atento papel onde me dí que como se está tramitando non podo ver o proxecto, eso sí que é novedosa. Eso é alucinante, eu formo parte da corporación, aínda que pequena parte. No plan de investimentos, vostede aplicou unha política moi rara ao respecto de cómo nos dixemos que entendíamos o tema. E tamén respecto de cómo fan esto cando estaba na oposición. Teño un escrito da súa compañeira de grupo político no Concello de Narón, Catalina García, veciña miña de Cervás, onde lle pide ao grupo de goberno de Narón o mesmo que lle pido eu aquí, fíxate, lle dí “o Concello de Narón creará unha comisión formada por un representante do goberno local de cada grupo integrante da corporación para preparar os proxectos... e esta comisión funcionará ata o remate do programa para garantir que a súa licitación, realización e xustificación cumpre os obxectivos do fondo.” Mire vostede a diferenza de Narón a Ares e eu o único que lle pedía era traer estes asuntos ao Pleno e nós para dar a nosa opinión pedíamos que se puxera sobre a mesa. Os voceiros de PP e NAL pedían camiños, abastecementos, pero non concretaron as obras. Se fixo en xeral. Cando nas comisións de antes xa choveu se vertían as ideas e logo se train os proxectos. Eu teño que ver as condicións. Non se pode decir que o noso grupo non tiña propostas e que non estivéramos abertos e sí llo plantexei a vostede o 29 de decembro ao saír da comisión de facenda e ese tema llo espetei con meridiana claridade, eso non se grava e sei de que estou falando.



En último lugar, mire, vostede dixo unha frase que revela a intencionalidade de cómo quere facer as cousas, textualmente “hai un instrumento democrático, se os ornamentos non van a diante que é a moción de censura “; é a primeira vez que o escoito, o máis democrático é falar., o segundo é sondear e situarse no escenario no que se está e vostede sabe dende xuño do 2007 que vostede está nunha corporación onde en determinados intres ten que acadar apoios. E vaia se vota man como o fixo o pasado ano para aprobar os orzamentos e creo que desa vez o que estaba en debate eran outras cousas e non temas dos orzamentos. Non teña ningún medo.

Nós temos aquí un listado de propostas coas que discrepamos que se fan cun sentido que é modificalas. A proposta en concreto é a seguinte, deixe vostede os plenos sobre a mesa e a partir de hoxe fixemos unha xuntanza para falar con todos os grupos, e se vostede pensa que non debe porque non lle interesa non teña problema en tentar falar co BNG por que temos as propostas do que queremos modificar dos orzamentos. Agora, agardo que este mes que lle queda non o perda en victimismos de dicir qué malos son os demáis. E se eu fora Alcalde que chegou como vostede a día de hoxe estaría preocupado pola miña capacidade de interlocución e consenso cos grupos, polo menos con algún. Vostede non pode dicir qué malos son e non me aproban os orzamentos. Cómo vamos nós a montar unha Moción de censura co PP, eso non está a debate aquí. Polo tanto deixe vostede os orzamentos enriba da mesa e a partir de mañá o BNG non ten problema en discutir as propostas que xa lle temos feito e o que temos que poñer e quitar, sabe que hai que modificalos para que a parte do círculo do grupo de goberno, acaden a maioría da corporación.

Se vostede quere quitálos busque adiante, xa lle dixen que a min non me pon os pelos de punta que negociara co PP ou quen quixera, agora por parte do BNG púxenlle enriba da mesa tódolos temas nos que discrepamos e nos poñemos a facer números.

Voulle facer referencia a un tema que me preocupa e ofende sobremaneira, e é cando dí “o que vota en contra dos orzamentos vota en contra de todo”, bueno, eu creo que non podemos andar con esta mecánica, xa sei que vostede o vai dicir, o escribei na web, o voto en contra do expediente de modificación de crédito, cando xa aparece nas actas e son as que valen e isto valeme e isto non, a min eso de todo ou nada eso é o



máis antidemocrático que hai. Vostede non pode facer esto porque non ten maioría. Se vostede quere preservar un acordo democrático e consensuado ten que acadar aliados e eso non se obtén negándolles documentación, non metendo as mocións ao Pleno ou logo acusándoo de estar en contra do Concello de Ares.

E logo unha reflexión de algo que non ten moito interés, eu fun nomeado asesor do gabinete de Vicepresidencia da Deputación de A Coruña, non porque se me deberan cartos de facerlle campaña electoral ao Vicepresidente Alcalde, a mín se me ...”

Intervén o Alcalde Presidente: “¿Me estás acusando?, que conste en Acta.

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Sí, que conste en Acta, a min se me nomeou, o digo para que conste en acta, o digo porque se me nomeou asesor porque fun durante dazaseis anos voceiro do grupo da Deputación de A Coruña e por elo son membro do gabinete, e a min non me viñeron a buscar de ningún sitio para resolver problemas. Aquí se ofreceron datos, que non os din eu hoxe aquí, e están aquí. Os datos están nas cantidades que se están dando.

Intervén o Alcalde Presidente: “ Estás facendo unha acusación moi concreta e eu exercerei a miña oportuna defensa procesal”

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval : “A min me da igual, visto cómo está a xustiza estou obrigado a decilo, a min no me foron a buscar a ningún lado. Compararme a mín como asesor do gabinete de Vicepresidencia da Excmá Deputación Provincial de A Coruña, cun asesor que tedes de cultura aquí, e que vamos clama ao ceo, comprendes. Porque é unha decisión na que ti non tomache parte da Deputación e eu aquí si podo expresar a miña opinión sobre que teñamos un asesor de cultura e eu che din a miña opinión porque fun concelleiro de cultura e sei que coordinando os nosos recursos é posible que funcione sen asesoría doutra parte. Pero o que hai que resolver son outras cousas, vale, é unha maneira lícita.



E si a parte da asesoría se pagan outras cousas pois algo se estará pagando e por certo, eu discrepo moitísimo dese traballo e xa o dixen aquí, por erros, e efectivamente non é que sexa infinitamente mellorable e que se pode facer por parte da xente que está no Concello, e por elo a miña posición. Que os ornamentos queden enriba da mesa e a partir de mañá negociemos, se queremos todos, a min me vale, se nón, o BNG co que está recollido na acta e os puntos de discrepancia non é condición sine qua non pero son puntos de discrepancia e si se poden correxir o BNG está a favor e non vai ter problema. Nós nos vamos estar no tinglado do visctimismo nin moito menos falar de moción de censura. Eu penso que ninguén o dixo.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Vou contestar brevemente na medida en que sexa posible. Efectivamente eres un manipulador porque no ano e medio de goberno nunca en ningunha conversa que tivemos obtiven axuda, porque a ti te conviña votarme nos brazos do PP e é o que vendes e o que te interesa a ti, que eu goberno co PP, e eu goberno con todos. Entón efectivamente o voto se exerce con liberdade e me acerquei a falar un día e me dixeches que non tiñas nada que falar conmigo, entón xa me dirás si é posible ir a esa capacidade de diálogo que me plantexas cando a primeira intervención túa foi anunciar que ías votar en contra, cousa que me dixeches en privado. Eu só te dixen que eu nese sentido me consideraba libre de facer as xestións que consideraba oportunas. Ti plantexache un voto negativo dende o comezo e eu te contestei que eso me habilita a mín a presentar unha cuestión de confianza e fronte a ésta hai un instrumento democrático que é a presentación dunha moción de censura así o que non inventes o que non se dixo. Aquí se vota en contra dos orzamentos. O grupo de goberno ten unha posibilidade, presentar unha cuestión de confianza e a oposición ten outra presentar unha moción de censura. É o único que dixen. Ti fai o que levas facendo ata agora, obstaculizar as labours de goberno, se vota sí, se dí non, pero nas actas, todas as propostas do grupo de goberno levan un voto afirmativo ou negativo, e o teu voto negativo aos presupostos é o que é, igual que á modificación de crédito, ás cesións dos terreos para o centro de día e galescola, e ou te abstes ou en contra e eu me acerco a ti, e sempre das largas e te reservas para o pleno, e ata agora a parte de votar a miña



investidura froito da negociación política dos nosos partidos non tiven ningún outro apoio. Por eso hai cousas que se fan coa túa abstención ou o teu voto negativo, e estes orzamentos non os votas e o teu voto é negativo e eu non podo retiralos, porque preciso que sexan rexeitados para presentar unha cuestión de confianza. Os dous somos libres de facer o que consideremos, pero non me pidas a min que faga o que ti queres, xa me gustaría que fixeras ti o que eu quero, porque xa faría eu o mesmo, pero eu teño que meter as túas mocións, teño que votalas a favor, teño que darte información de todo, teño que decirlle que sí a todos os teus escritos e cando vimos ao Pleno a todo días non, non, non e non. Pois entón as mocións as metes ti, as defendes ti, a informacións as buscas ti, e as túas propostas as votas ti e eu non podo ter reciprocidade con quen non a ten, votache en contra o orzamento do pasado ano, ata o proxecto de Redes, o plan integral salíu cos votos do PP, todo e eu a ti te teño que dar todo, me dixeches contigo non teño nada que falar, e cando cho recordei me dixeches non me metiche unha moción ao pleno. E por isto non queres falar connigo, eu que non me votas nada, que teño que facer eu contigo, coa túa mesma filosofía, que me votas a todo que non. Me acheguei para falar dos orzamentos e me dixeches me reservo para o pleno. Qué queres, votar que non e logo abrir unha liña de debate, pois vale, porque así teño o instrumento da cuestión de confianza. Gañas ti e eu. E se agora o retiro e a negociación fracasa, porque perder a oportunidade da cuestión, logo de que todo o que te pedíu foi non. Eu o retiro encantado si sei que a negociación vai adiante, pero como posiblemente non, non quero perder a opción da cuestión e para elo preciso que sexan rexeitados no pleno, e cada un é libre de votar o que quera e non teño o apoio do PP nin do NAL nin do BNG. O teu apoio foi testimonial ao comeza e agora cada un é libre dos seus actos e de dar o apoio a quen lle de a gana. Eu non te reprocho pero non me esixas que te trate distinto de cómo me tratas tú. Non agardes o que non das”.

Toma a palabra o voceiro do PP Sr. Jose Manuel Cendán Fernández: “Debemos rematar con isto porque falamos de todo menos do orzamento. Vou facer unhas consideracións, se falou da comisión de facenda e que os voceiros cando teñen dúbidas leen o groso do orzamento e outras cousas tes que consultalas co interventor, e eso se



fai en todas as administracións e sempre se reserva o voto, e eso non indica que o voto sexa negativo. En definitiva creo que o deixei claro, nós estamos abertos á negociación. Creo que técnicamente ten que pulirse máis porque entre unhas cousas e outras hai diferentes que non estamos de acordo e certo que esto antes de acceder a ningún tipo de espectáculo máis se pode solventar dentro dos órganos colegiados de comisión de facenda ou xunta de voceiros, pero se queremos espectáculo pois habelo. E ter que andar urgando en temas pasados que non veñen a nada con respecto ao tema que nos ocupa hoxe, pois creo que o debemos deixar aquí e ter máis man esquerda, falar as cousas, negociarlas, convocar a xunta de voceiros e se podemos chegar a acordo ben e se non pois non.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Rematados os turnos de intervencións por parte dos deiferentes voceiros, procedemos á votación. En primeiro lugar procedemos á votación de si os orzamentos se rexeitan quedando pendentes.

Votos a favor, de que queden pendentes. Se nón eu non teño cuestión de confianza. Sr Secretario se quedan pendentes se rexeitan ou non.”

Toma a palabra o Sr Secretario: “A Lei Orgánica de Réxime Electoral, establece, artículo 197, párrafo 3, para a presentación da cuestión de confianza será requisito previo que o acordo correspondente fora debatido no pleno e non obtivera a maioría necesaria; é decir, se queda pendente e non se aproba se entenden non aprobados e logo se pode plantexar a cuestión de confianza.”

Toma a palabra o voceiro do PP: “Eu non o entendo, se a proposta que fixo o BNG sae a diante, se rexeitan os orzamentos.”

Intervén o voceiro do BNG:”Eu entendo que se quedan sobre a mesa non se rexeitan.”



Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Sería o primeiro Alcalde que perde a posibilidade de presentar unha cuestión de confianza.”

Toma a palabra o Sr Secretario: “Repito párrafo 3, para a presentación da cuestión de confianza será requisito previo”

Toma a palabra o voceiro do PP: “Manolo un momento aquí non estamos falando da posibilidade da presentación da cuestión de confianza.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Non pero eso nos explica se queda pendente que se rexeita. Que queden pendentes é rexeitalos, que quede claro que a min me habilita a presentar unha cuestión. Eu dende logo non os vou voltar a traer a Pleno para volver a perdelos.”

Toma a palabra o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán Fernández: “Se a maioría da corporación ou neste caso o Alcalde quere quitar un punto da orde do día non pode. O pode facer o Alcalde, ou a maioría da corporación.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Cómo se vai retirar da orde do día aprobar ou rexeitar os orzamentos, non é posible, se votan a favor ou en contra.”

Toma a palabra o voceiro do PP: “Eu non estou discutindo eso. Eu discuto que ti queres levantar agora o pleno e se non se vota non se levanta e se hai unha proposta dun grupo político de que quede sobre a mesa e sae a diante e prospera ten que ser así porque así o quere a corporación.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Os acordos plenarios non poden vulnerar a Lei e iso quero que quede claro que si quedan pendentes é rexeitalos, é o único que quero.”



Toma a palabra o voceiro do BNG: “En todo caso indicar que nós non estamos buscando ningún suterfuxio, estábamos buscando unha solución, para negociar os orzamentos co grupo de goberno. Alcalde, está claro que o grupo de goberno ten unha estratexia e nós temos outra. Está claro, nós non temos ningunha estratexia, nós queremos negociar.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Cando falei contigo ti dixeches que se ían rexeitar no primeiro pleno e logo que iríamos á negociación. E eu para presentación da cuestión preciso que os orzamentos se rexeiten e está claro que quen vote que queden pendentes os rexeita.”

Toma a palabra o voceiro do BNG : “Eu entendo que non é así.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “E a lei evidentemente.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “A lei interpretada. En todo caso nós non rexeitamos os orzamentos antes de que se rexeiten preferimos voltar a discutilos. Claro pero cunha negociación que solventara os problemas que hai. É tan sinxelo como eso.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: Eu traio uns orzamentos que non compartís, os votades en contra e ...”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Non é así Alcalde, nós queremos negociarlos e esa é a grande diferenza. Vostedes non. Vale pero non é un problema do BNG”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “¿Negociamos agora.?”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Agora non se pode”



Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Entón ti rexeitas estos que non estás negociados. Eu o dixen pero os reserváchedes para o Pleno, e o que me queres decir logo deste Pleno para cambialos o puidesche decir.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Alcalde a ver se non confundimos as cousas, non hai antes e despois, a ver si precisamos as cousas non use as conversas informales que temos”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Que tu usas cousas desas conversas.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “ Non, non non. Eu non teño nada que ocultar.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Eu tampouco, pero bueno, eu sei, ti me entendes.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Eu lle digo o que lle dixen o 29 de decembro. Do que non son reponsable era de que o pleno vostede pensaba que estaba convocado para o día un, e vostede mantíñamos unha discrepancia e se non se solventaba non íamos aceptar os orzamentos.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Entón someto a votación o orzamento. Votos a favor e en contra. Ese é o orde do día, que non admite mocións nin rogos e preguntas.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Alcalde pero admite, eu quero facerlle ver unha cuestión”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Queredes quitarme a oportunidade da cuestión de confianza e non estou de acordo.”



Toma a palabra o voceiro do BNG: “Xa estás pensando en plural na conspiración xudeo-masónica. A cousa é tan sinxela como que se vostede pensara que era mellor solución, Alcalde, ou Sr Secretario, se a maioría desta corporación entendese que era necesario que os orzamentos quedaran enriba da mesa non é que quedaran rexeitados, eu non vou entrar en interpretacións xurídicas, se o grupo de goberno está noutra estratexia é lícito. O dixo o Alcalde, se ten esa estratexia da cuestión adiante.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Eu te estou decindo que á saída de aquí negociamos e como non me fío e non teño a confianza de sacar a negociación a diante quero a cuestión de confianza.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “A grande diferenza é que non se fía e eu tampouco, pero eu proponho a negociación e vostede quere saír do paso.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “O día 29 te chamei para negociar pero hai que negociar cando ti queres e para nada.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Eso non é así.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Sometemos a votación do pleno, a aprobación dos orzamentos.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Que conste en acta que nos pedimos que quedaran sobre a mesa. Se o que somete outro sabemos o que temos que votar. Non me fai graza ningunha. “

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Procedemos votar que queden sobre a mesa é que se rexeitan. É a única maneira de acceder á cuestión pero eu o que non quero é facer o parvo.”



Toma a palabra o voceiro do BNG: “Pois creo que sí.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Ti queres que faga o parvo.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Eu creo que xa está ben de interpretacións das actitudes de cada un.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Procedemos á votación. ¿Votos a favor.?”


Toma a palabra o Concelleiro do Partido Popular, D. Francisco Echevarría Lage: “Un momento por favor.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “A ver Paco é a primeira vez que intervés decindo que agarde un momento.”

Toma a palabra o Concelleiro do Partido Popular, D. Francisco Echevarría Lage: “A pregunta é qué se vai votar.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Vamos votar a favor ou en contra dos orzamentos.”

Sometido a Votación a aprobación dos Orzamentos Municipais para o ano 2009 o Concello Pleno por 8 votos en contra (5 PP, 2 BNG e 1 NAL), e 5 votos a favor do Grupo Municipal do PSOE, acorda rechazar o proxecto de orzamento municipal para o exercicio de 2009.



E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horase e coarenta e cinco minutos do día ó comenzó sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,